



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 298
25 de marzo de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite e publicación

■ 32120 (11/PRE-010400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de acollemento de persoas refuxiadas e previsións cara ao futuro

[118102](#)

■ 32128 (11/PRE-010401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os resultados do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 e previsións cara ao futuro

[118105](#)

■ 32135 (11/PRE-010402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a exigencia aos colexios de avogados de enviar en formato dixital e en papel a documentación proveniente do Servizo de Orientación Xurídica e a implantación do expediente dixital na Administración de xustiza

[118107](#)

■ 32159 (11/PRE-010403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para mellorar a comunicación viaria entre Ourense e Lugo coa execución da autovía A-56 e as consecuencias da ausencia desta infraestrutura

[118110](#)

■ 32166 (11/PRE-010404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia para melloralo

[118114](#)

■ 32176 (11/PRE-010405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre o saneamento da Foz do Miñor e a recuperación da produción marisqueira na zona

[118118](#)



I 32180 (11/PRE-010406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a conflitividade laboral na Corporación Radio e Televisión de Galicia

[118122](#)

I 32186 (11/PRE-010407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a execución dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade

[118127](#)

I 32187 (11/PRE-010408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a presentación do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 nun foro privado e antes da súa entrada no Parlamento

[118129](#)

I 32202 (11/PRE-010409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento do acordo plenario do 26 de marzo de 2008 respecto da aplicación do establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, de memoria histórica

[118131](#)

I 32213 (11/PRE-010410)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas da Xunta de Galicia para que se cumpran os contratos licitados no servizo de transporte público

[118134](#)

I 32221 (11/PRE-010411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia das instalacións eólicas mariñas no sector pesqueiro

[118138](#)

I 32228 (11/PRE-010412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as reformas pendentes no Instituto de Ensinanza Secundaria Alfredo Brañas, de Carballo

[118144](#)

I 32234 (11/PRE-010413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das peaxes nas autovías AG-55 e AG-57

[118146](#)

I 32240 (11/PRE-010414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias para as embarcacións que pescan coa arte da volantilla da falta de diferenciación entre esta arte e a das vetas no proxecto de real decreto polo que se regula o exercicio da pesca das diferentes modalidades que se usan en augas dos caladoiros nacionais [118150](#)

I 32279 (11/PRE-010415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a paralización dos traballos na ponte Nafonso, entre os concellos de Outes e Noia [118154](#)

I 32287 (11/PRE-010416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación que está a vivir o sector pesqueiro [118158](#)

I 32292 (11/PRE-010417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a vacinación antirrábica obrigatoria para animais domésticos [118163](#)

I 32294 (11/PRE-010418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a incorporación de Hugo Pereira como colaborador no programa *Galicia por diante* da Radio Galega [118166](#)

I 32298 (11/PRE-010419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación do transporte público de viaxeiros na comarca de Santiago de Compostela [118171](#)

I 32305 (11/PRE-010420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta de estudos de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato no Instituto de Ensinanza Secundaria Frei Martín Sarmiento, de Pontevedra [118175](#)

I 32319 (11/PRE-010421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o destino dado pola Xunta de Galicia en 2021 ás cantidades recibidas en concepto de participación nos ingresos do imposto especial sobre os hidrocarburos [118177](#)

I 32325 (11/PRE-010422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a actividade do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero desde a súa creación e a previsión de xuntanzas para o ano 2022 [118179](#)

I 32329 (11/PRE-010423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reclamación do traspaso de competencias en materia do ingreso mínimo vital [118182](#)

I 32347 (11/PRE-010424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da xubilación anticipada e parcial do persoal estatutario e funcionario dos servizos de saúde [118185](#)

I 32351 (11/PRE-010425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto da realización dun informe sobre a seguridade das instalacións da factoría Foresa, en Caldas, e sobre a idoneidade da súa localización [118188](#)

I 32361 (11/PRE-010426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da protección e conservación do bosque de ribeira [118190](#)

I 32335 (11/PRE-010427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social [118193](#)

I 32368 (11/PRE-010428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas para solucionar a situación de contaminación do río Xuvia en Narón [118196](#)

I 32373 (11/PRE-010429)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma integral da zona de recreo do colexio Monte Baliño, en Ferreira de Pantón [118199](#)

I 32378 (11/PRE-010430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as medidas que pensa impulsar o Goberno galego para reducir a dependencia de Galicia respecto dos combustibles fósiles

[118203](#)**I 32384 (11/PRE-010431)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto do funcionamento do Plan de transporte de viaxeiros por estrada, e en concreto na comarca da Barbanza

[118207](#)**I 32403 (11/PRE-010432)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a responsabilidade da Consellería do Medio Rural na crise de goberno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

[118214](#)**I 32414 (11/PRE-010433)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as que vai demandar ao Goberno central respecto da suba de prezos dos hidrocarburos

[118219](#)**I 32420 (11/PRE-010434)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para combater as consecuencias da suba dos prezos

[118222](#)**I 32428 (11/PRE-010435)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dotar a industria galega de prezos eléctricos competitivos

[118226](#)**I 32432 (11/PRE-010436)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que hai que tomar para o recoñecemento do labor dos técnicos en coidados auxiliares de enfermaría

[118230](#)**I 32440 (11/PRE-010437)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais

[118234](#)

I 32453 (11/PRE-010438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do declive da produción marisqueira na ría de Ferrol

[118237](#)

I 32465 (11/PRE-010439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da limitación do uso das prórrogas dos contratos públicos

[118240](#)

I 32468 (11/PRE-010440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para acadar a continuidade da Casa de Galicia de Montevideo

[118243](#)

I 32477 (11/PRE-010441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais

[118245](#)

I 32478 (11/PRE-010442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre o funcionamento do plan de transporte público por estrada

[118247](#)

I 32484 (11/PRE-010443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación do polígono industrial de Bértoa, en Carballo

[118249](#)

I 32491 (11/PRE-010444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no tocante a solicitar do Goberno central a participación no proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica do sector naval así como a súa entrada no Consello de Administración de Navantia

[118253](#)

I 32501 (11/PRE-010445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura de prazas de persoal sanitario no centro de saúde de Foz

[118257](#)



1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude de reconversión, asignación a comisión e publicación

■ 26342 - 32339 (11/PRE-007339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para garantir a atención aos nenos con necesidade de apoio educativo na escola de ensino infantil A Pastora, en Cambados [118260](#)

■ 27181 - 32341 (11/PRE-010025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as razóns da supresión dun facultativo no punto de atención continuada de Caldas de Reis e a necesidade de completar o seu cadro de persoal para que conte con dous equipos completos [118261](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, do 22 de marzo de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre normas harmonizadas para un acceso xusto aos datos e a súa utilización (Lei de Datos) (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 68 final] [2022/0047 (COD)] {SEC(2022) 81 final} {SWD(2022) 34 final} {SWD(2022) 35 final}

-11/UECS-000174 (32662) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre normas harmonizadas para un acceso xusto aos datos e a súa utilización (Lei de Datos) (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 68 final] [2022/0047 (COD)] {SEC(2022) 81 final} {SWD(2022) 34 final} {SWD(2022) 35 final} [118263](#)

■ Resolución da Presidencia, do 22 de marzo de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta á prórroga dos poderes da Comisión para adoptar actos delegados (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 113 final] [2022/0080 (COD)]

-11/UECS-000175 (32663) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta á prórroga dos poderes da Comisión para adoptar actos delegados (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 113 final] [2022/0080 (COD)] [118341](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 22 de marzo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite e publicación

- 32120 (11/PRE-010400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de acollemento de persoas refuxiadas e previsións cara ao futuro

- 32128 (11/PRE-010401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os resultados do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 e previsións cara ao futuro

- 32135 (11/PRE-010402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a existencia aos colexios de avogados de enviar en formato dixital e en papel a documentación proveniente do Servizo de Orientación Xurídica e a implantación do expediente dixital na Administración de xustiza

- 32159 (11/PRE-010403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para mellorar a comunicación viaria entre Ourense e Lugo coa execución da autovía A-56 e as consecuencias da ausencia desta infraestrutura

- 32166 (11/PRE-010404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia e as actuacións realizadas e previstas pola Xunta de Galicia para melloralas

- 32176 (11/PRE-010405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre o saneamento da Foz do Miño e a recuperación da produción marisqueira na zona

- 32180 (11/PRE-010406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



González Albert, María e 2 máis

Sobre a conflitividade laboral na Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 32186 (11/PRE-010407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a execución dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade

- 32187 (11/PRE-010408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a presentación do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 nun foro privado e antes da súa entrada no Parlamento

- 32202 (11/PRE-010409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento do acordo plenario do 26 de marzo de 2008 respecto da aplicación do establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, de memoria histórica

- 32213 (11/PRE-010410)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas da Xunta de Galicia para que se cumpran os contratos licitados no servizo de transporte público

- 32221 (11/PRE-010411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia das instalacións eólicas mariñas no sector pesqueiro

- 32228 (11/PRE-010412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as reformas pendentes no Instituto de Ensinanza Secundaria Alfredo Brañas, de Carballo

- 32234 (11/PRE-010413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das peaxes nas autovías AG-55 e AG-57

- 32240 (11/PRE-010414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias para as embarcacións que pescan coa arte da volantilla da falta de diferenciación entre esta arte e a das vetas no proxecto de real decreto polo que se regula o exercicio da pesca das diferentes modalidades que se usan en augas dos caladoiros nacionais

- 32279 (11/PRE-010415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a paralización dos traballos na ponte Nafonso, entre os concellos de Outes e Noia

- 32287 (11/PRE-010416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación que está a vivir o sector pesqueiro

- 32292 (11/PRE-010417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a vacinación antirrábica obrigatoria para animais domésticos

- 32294 (11/PRE-010418)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a incorporación de Hugo Pereira como colaborador no programa *Galicia por diante* da Radio Galega

- 32298 (11/PRE-010419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a situación do transporte público de viaxeiros na comarca de Santiago de Compostela

- 32305 (11/PRE-010420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da oferta de estudos de ensinanza secundaria obrigatoria e bacharelato no Instituto de Ensinanza Secundaria Frei Martín Sarmiento, de Pontevedra

- 32319 (11/PRE-010421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o destino dado pola Xunta de Galicia en 2021 ás cantidades recibidas en concepto de participación nos ingresos do imposto especial sobre os hidrocarburos

- 32325 (11/PRE-010422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a actividade do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero desde a súa creación e a previsión de xuntanzas para o ano 2022

- 32329 (11/PRE-010423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reclamación do traspaso de competencias en materia do ingreso mínimo vital

- 32347 (11/PRE-010424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da xubilación anticipada e parcial do persoal estatutario e funcionario dos servizos de saúde

- 32351 (11/PRE-010425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego respecto da realización dun informe sobre a seguridade das instalacións da factoría Foresa, en Caldas, e sobre a idoneidade da súa localización

- 32361 (11/PRE-010426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da protección e conservación do bosque de ribeira

- 32335 (11/PRE-010427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social

- 32368 (11/PRE-010428)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas para solucionar a situación de contaminación do río Xuvia en Narón

- 32373 (11/PRE-010429)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma integral da zona de recreo do colexio Monte Baliño, en Ferreira de Pantón

- 32378 (11/PRE-010430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as medidas que pensa impulsar o Goberno galego para reducir a dependencia de Galicia respecto dos combustibles fósiles

- 32384 (11/PRE-010431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto do funcionamento do Plan de transporte de viaxeiros por estrada, e en concreto na comarca da Barbanza

- 32403 (11/PRE-010432)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a responsabilidade da Consellería do Medio Rural na crise de goberno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

- 32414 (11/PRE-010433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as que vai demandar ao Goberno central respecto da suba de prezos dos hidrocarburos

- 32420 (11/PRE-010434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para combater as consecuencias da suba dos prezos

- 32428 (11/PRE-010435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dotar a industria galega de prezos eléctricos competitivos

- 32432 (11/PRE-010436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que hai que tomar para o recoñecemento do labor dos técnicos en coidados auxiliares de enfermaría

- 32440 (11/PRE-010437)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais



- 32453 (11/PRE-010438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do declive da produción marisqueira na ría de Ferrol

- 32465 (11/PRE-010439)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da limitación do uso das prórrogas dos contratos públicos

- 32468 (11/PRE-010440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para acadar a continuidade da Casa de Galicia de Montevideo

- 32477 (11/PRE-010441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación dun consello de comunidades de montes veciñais

- 32478 (11/PRE-010442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre o funcionamento do plan de transporte público por estrada

- 32484 (11/PRE-010443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación do polígono industrial de Bértoa, en Carballo

- 32491 (11/PRE-010444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no tocante a solicitar do Goberno central a participación no proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica do sector naval así como a súa entrada no Consello de Administración de Navantia

- 32501 (11/PRE-010445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura de prazas de persoal sanitario no centro de saúde de Foz



1.4.4.2.1. Preguntas orais en comisión reconvertidas en preguntas para resposta por escrito

Admisión da solicitude de reconversión, asignación a comisión e publicación

- 26342 (11/PRE-007339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para garantir a atención aos nenos con necesidade de apoio educativo na escola de ensino infantil A Pastora, en Cambados

BOPG nº 251, do 04.01.2022

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 32339, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

- 27181 (11/PRE-010025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as razóns da supresión dun facultativo no punto de atención continuada de Caldas de Reis e a necesidade de completar o seu cadro de persoal para que conte con dous equipos completos

BOPG nº 258, do 18.01.2022

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 32341, en pregunta con resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 22 de marzo de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre normas harmonizadas para un acceso xusto aos datos e a súa utilización (Lei de Datos) (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 68 final] [2022/0047 (COD)] {SEC(2022) 81 final} {SWD(2022) 34 final} {SWD(2022) 35 final}

-11/UECS-000174 (32662) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre normas harmonizadas para un acceso xusto aos datos e a súa utilización (Lei de Datos) (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 68 final] [2022/0047 (COD)] {SEC(2022) 81 final} {SWD(2022) 34 final} {SWD(2022) 35 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 32662, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Euro-



pea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre normas harmonizadas para un acceso xusto aos datos e a súa utilización (Lei de Datos) (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 68 final] [2022/0047 (COD)] {SEC(2022) 81 final} {SWD(2022) 34 final} {SWD(2022) 35 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 22 de marzo de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta á prórroga dos poderes da Comisión para adoptar actos delegados (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 113 final] [2022/0080 (COD)]

-11/UECS-000175 (32663) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que respecta á prórroga dos poderes da Comisión para adoptar actos delegados (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 113 final] [2022/0080 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 32663, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2016/1628 no que



respecta á prórroga dos poderes da Comisión para adoptar actos delegados (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2022) 113 final] [2022/0080 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a política de acollemento de persoas refuxiadas en Galiza e as medidas que debe impulsar o Goberno galego ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A solidariedade é un trazo fundamental da identidade galega. Éo cando falamos de guerras mais tamén cando se trata de catástrofes naturais ou de emigración pois o pobo galego é, de seu, xeneroso e acoledor. As galegas e galegos somos solidarias con outros pobos de Europa e con calquera pobo do mundo e así o demostramos ao longo da historia.

Con motivo da invasión militar rusa na Ucraína a Xunta de Galiza amosou a súa disposición de acoller persoas refuxiadas e desprazada no noso país. En total, entre a administración autonómica, os concellos e as entidades sociais, Galiza tería capacidade para acoller un milleiro de persoas.

Porén, a resposta non foi nin tan áxil nin tan numerosa cando se tratou de menores na fronteira do Tarajal ou coa crise humana provocada pola guerra na Siria.

É necesario que Galiza conte cunha política de asilo e acollemento de persoas refuxiadas que dote o noso país dunha rede estábel, coordinada e con recursos materiais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

humanos e económicos precisos para actuar con axilidade e de maneira obxectiva perante situacións destas características.

Neste senso, malia que o despregamento dos recursos debe facerse desde os distintos niveis da administración en función do seu ámbito competencial (local-autonómico-estatal) a Xunta de Galiza ten a responsabilidade de exercer un papel de planificación e coordinación de todos eles para garantir que as persoas refuxiadas ou solicitantes de asilo ven garantidos os seus dereitos e cubertas as súas necesidades da maior e mellor forma posíbel.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. - Como valora a Xunta de Galiza a súa política en materia de refuxio e solicitantes de asilo?

. Que medidas pensa adoptar nesta materia para despregar unha verdadeira rede de acollemento?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/03/2022 12:55:54

Iria Carreira Pazos na data 11/03/2022 12:55:58

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2022 12:56:09



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais remata neste ano 2022. O abeiro deste plan fixéronse grandes obras coma a rehabilitación do edificio da antiga Real Fábrica de Tabacos na Coruña, a nova sede xudicial da Parda en Pontevedra ou a Cidade da Xustiza de Vigo, e para este ano está presupostado o novo xulgado da Estrada.

Pero a pesar disto quedan no noso territorio moitas infraestruturas xudiciais que presentan graves carencias, moitos edificios non teñen espazo suficiente para o desenvolvemento da actividade xudicial, e outros presentan deficiencias importantes.

A maiores disto moitas das obras previstas neste plan aínda non foron executadas. E por iso polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que é necesario que o goberno da Xunta leve a cabo unha avaliación deste Plan de Infraestruturas Xudiciais.

E despois partindo da realidade anterior, a Xunta de Galicia debe elaborar un novo plan de infraestruturas co horizonte dos vindeiros anos, un plan que comprenda os próximos seis anos e abranxa o inicio das actuacións ou a súa planificación, coas correspondentes proxeccións de crecemento da planta xudicial e a adaptación á implantación dunha Xustiza dixitalizada.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia avaliar o Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015?
2. Que actuacións ten previsto desenvolver o goberno da Xunta de Galicia antes do remate deste plan?



3. Vai o Goberno galego iniciar os trámites para a elaboración dun novo plan adaptado as novas necesidades?

Pazo do Parlamento, 11 de marzo do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/03/2022 12:59:26

Pablo Arangüena Fernández na data 11/03/2022 12:59:33



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Servicio de Orientación Xurídica (SOX) existente nos distintos colexios de avogados de Galicia foi creado co fin de asistir e asesorar a todos aqueles cidadáns que teñen dereito ao beneficio de Asistencia Xurídica Gratuíta (AXG), segundo o establecido na Lei 1/96 do 10 de xaneiro e polo Decreto 146/97 do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

Este Servizo de Orientación Xurídica é atendido polo persoal administrativo do Colexio e por avogados/as da Comisión de asistencia xurídica gratuíta e a quenda de oficio.

As súas funcións son:

- Informar aos solicitantes da documentación e requisitos necesarios para poder solicitar o beneficio da xustiza gratuíta.
- Recollida da solicitude e documentación.
- Asesoramento ao solicitante para facilitarlle a tarefa de cubrir o formulario da solicitude.
- Comprobar que a solicitude cumpre os requisitos esixidos pola lei.
- Finalmente, se a pretensión é viable, o ou a solicitante cumpre todos os requisitos esixidos a comisión informa favorablemente, se designará un/unha avogado/a provisionalmente e se remitirá o expediente á Comisión Provincial de Asistencia Xurídica Gratuíta para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser viable esta pretensión o usuario ou a usuaria ten que presentar a solicitude e documentación requirida, que consiste na seguinte:

- Fotocopia da declaración da renda do último ano o, de ser o caso, certificación negativa acreditativa que expide a Delegación de Facenda.
- Certificación de Facenda sobre a Declaración do Patrimonio.
- Certificación do Concello do Catastro.
- Certificación do Concello do Imposto de Actividades Económicas (IAE).



- Fotocopia do recibo de alugueiro.
- Fotocopia do libro de familia.
- Nómina do último mes ou certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego ou de percepción de prestacións, de ser o caso.
- No caso de pensionistas, certificación do INSS das prestacións que percibe.
- Declaración xurada de ingresos (en caso de non ter nómina).
- Informe de Vida Laboral que expide a Tesourería da Seguridade Social.
- Sentencia de separación ou divorcio e convenio regulador, no caso de solicitar, avogado/la para o divorcio ou separación.
- Fotocopia do DNI.

Toda esta inxente cantidade de documentos supón un agravio para moita xente, que ten dificultade para conseguilos, e a maiores supón unha gran cantidade de papel que debe ser enviado semanalmente ás Comisións provinciais de asistencia xurídica gratuíta, dependente da Xunta de Galicia, que son as encargadas de conceder ou non estas solicitudes.

Isto na práctica supón que cada semana os colexios de avogados asuman o custo de enviar un taxi con toda esta documentación á Delegación provincial sita en Santiago de Compostela, o que parece anacrónico tendo en conta que estamos na era da dixitalización e que a maiores disto tense que mandar un pen drive con toda esta documentación escaneada.

Dende o goberno da Xunta de Galicia teñen que poñerse as pilas e axilizar a implantación do expediente electrónico e a sede electrónica no eido xudicial.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que non existe ningunha razón que xustifique esta duplicidade de información e que produce unha carga de traballo e un gasto de papel excesivo.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica o Goberno galego a esixencia aos colexios de avogados de enviar en formato dixital e en papel a documentación proveniente do Servizo de Orientación Xurídico?
2. Ten previsto o Goberno galego modificar o sistema de traslado dos expedientes do Servizo de Orientación Xurídico para este se leve a cabo unicamente de forma dixital?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia da implantación en Galicia do expediente dixital?

Pazo do Parlamento, 11 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 11/03/2022 13:03:28

Pablo Arangüena Fernández na data 11/03/2022 13:03:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para mellorar a comunicación viaria entre Ourense e Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento económico e social dun territorio precisa dunha rede de infraestruturas, viarias e tecnolóxicas, que conecten entre si o país, e este con outros países e nacións. A este respecto a Galiza interior carece de vías de comunicación que vertebran o territorio achegando os servizos á cidadanía e amplíen -ou non limiten- as relacións industriais, comerciais, culturais e sociais con outras localidades.

Xa hai varias décadas deseñouse un mapa de estradas para a comunicación viaria na Galiza. Na configuración do mapa da estradas contemplábase a necesidade de dotar ao interior de Galiza dunha autovía que conectase as cidades de Lugo e Ourense, posibilitando a relación económica e social entre a zona Cantábrica e Norte de España co Sul de Galiza e co Norte de Portugal.

Malia o tempo transcorrido e a importancia económica e social da devandita autovía, non só non existe previsión para o remate e entrada en funcionamento da infraestrutura, é que non se está a executar obra en ningún treito, nin sequera que estea en proceso de adxudicación algunha obra que axilice a comunicación en entre Ourense e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lugo En suma, nin existe previsión de terminación das obras, nin indicio algún que permita aventurar cando se puidera producir a mesma.

A este respecto, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana informa que en Galiza o Estado está a executar obras, unicamente, en 39,88 km. da rede principal de estradas, non correspondendo ningún deles á denominada A-56 destinada a unir Lugo con Ourense.

Así pois tras a entrada en servizo do treito de menos de 10 km. entre San Martiño e o enlace norte de A Barrela non hai avances significativos, nin previsión deles, no trazado do vial, básico para o desenvolvemento económico e social do interior de Galiza.

Xa que logo dada a parálise da posta en marcha da construción da infraestrutura, que xa suma décadas de atraso, e as consecuencias que implica para boa parte da poboación galega, cumpre que o Parlamento de Galiza se dirixa ao Goberno do Estado a fin de que sen máis dilación acometa a execución da autovía A-56, con carácter inmediato no que atinxe aos treitos Ourense-Cambeo, e Cambeo -San Martiño, que facilitará a entrada na cidade de Ourense, así como incrementará a funcionalidade do único treito construído e operativo.

Lembrar que a Xunta de Galiza recoñeceu a este grupo parlamentar o carácter fundamental da A-56 para a vertebración do interior país, sen que tal recoñecemento tivera translación na construción e posta en servizo de treito algún durante o goberno de M. Rajoy





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que xestións ou actuacións realizou o goberno galego dende o ano 2003 cara a efectiva construción da autovía A-56, Ourense – Lugo?

. No seu caso, en que data e en que consistiron as actuacións e cal foi o resultado delas?

. Entende a Xunta de Galiza que a ausencia de tal infraestrutura produce consecuencias económicas e sociais na Galiza, singularmente na interior?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2022 09:20:52

María del Carmen Aira Díaz na data 14/03/2022 09:20:58

María González Albert na data 14/03/2022 09:21:13

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2022 09:21:20

Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2022 09:21:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/03/2022 09:21:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os medios da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha meirande parte das organización sindicais veñen convocar un folga para o día 30 de marzo de todo o persoal da Inspección de Traballo e Seguridade Social do Estado, que virá precedida de concentracións o día 22 nas distintas sedes provinciais do organismo. O insostíbel da situación que se está a padecer nos servizos de Inspección e mesmo o incumprimento dos compromisos asinados polo Goberno do Estado, por medio do Ministerio de Traballo, e as organizacións sindicais é o motivo das mobilizacións.

A constatación por parte do Goberno do Estado da necesidade de reforzo do cadro de persoal do Servizo de Inspección, a existencia de importantes carencias na organización administrativa e os déficits en recursos técnicos e materiais fundamentais, así como o recoñecemento ao esforzo dos profesionais e a equiparación entre categorías profesionais e retribucións; levou ao Ministerio de Traballo a asumir o compromiso de atender todas estas necesidades e demandas. Transcorridos máis de 8 meses dende tal recoñecemento poucos ou ningún dos compromisos adquiridos pola titular do Ministerio tivo eficacia práctica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Inspección de Traballo e Seguridade Social é un organismo fundamental para velar polo cumprimento da legalidade na prestación laboral e nas condicións en que esta se realiza, polo que resultan inocuos todos os anuncios en plans que se aproben e publiciten se non existe un instrumento para velar polo seu efectivo cumprimento. De que serve a aprobación dun plan de choque contra accidentes de traballo sen non existe unha Inspección de Traballo que sexa quen de velar polo seu cumprimento.

Dende hai tempo o persoal da Inspección ven advertindo da situación que se padece no Organismo, que nos últimos meses veu incrementadas as súas funcións con máis competencias sen que tal incremento da carga laboral levase aparellada un aumento no cadro de persoal, nos medios tecnolóxicos e na organización, nin tampouco nas súas condicións laborais; a pesares do que o Servizo de Inspección conseguiu logros tan importantes como a conversión en indefinidos de máis de 370.000 contratos temporais.

A pesares das múltiples denuncias e advertencias sobre a situación que padece a Inspección que é consecuencia de moitos anos de desinterese polo labor deste organismo, que provocou a acumulación de carencias de persoal e de recursos técnicos e materiais, está a colocar ao servizo “ao límite do fracaso”.

Dende o BNG hai anos que se ven demandado a transferencia a Galiza da Inspección de Traballo o que permitiría a Xunta de Galiza dotar ao organismo dos mecanismos para velar pola legalidade nas relacións e prestacións de traballo, sen que ate o de agora o Partido Popular realizase xestión algunha para conseguir tal transferencia, preferindo seguir no papel de culpabilizar ás demais das súas propias negligencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo iso formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece a Xunta de Galiza a composición do actual cadro de persoal actual da Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galiza?

. Considera a Xunta de Galiza que os recursos e medios cos que actualmente dispón a Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galiza son abondo para cumprir as funcións que te conferidas?

. Que actuacións realizou para o incremento do cadro de persoal ou a mellora dos recursos e medios de que dispón o servizo de inspección de traballo?

. A Xunta de Galiza considera que o funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social é esencial para garantir o control do cumprimento da legalidade das relacións laborais e as condicións nas que se realiza?

. Considera a Xunta de Galiza que decidir sobre a organización e dimensionamento do servizo, así como as especificidades laborais e empresariais de Galiza aconsellarían reclamar ao Estado a transferencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social?

. Realizou algún actuación ou xestión para a transferencia da Inspección de Traballo?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2022 10:23:16

Daniel Pérez López na data 14/03/2022 10:23:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/03/2022 10:23:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**, sobre o saneamento da Foz do Miñor e a recuperación da produción
marisqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2000 na Foz do Miñor traballaban 76 mariscadoras que nese ano
extraeron 4.387 kg de ameixa fina, 1.325 kg de croque e 5.497 kg de cadelucha
(coquina), da que se celebraba a festa de exaltación deste produto cada ano.

Ese mesmo ano a zona Gal-11/3 Esteiro do río Miñor foi declarada de clase C
por primeira vez e desde esta data o deterioro da zona foi agravándose e non só non se
recuperación a clasificación B ou A, senón que na Orde de clasificación de zonas de
produción do 8 de setembro de 2006 quedou pechada á extracción. Aínda que no ano
2013 volveu ser declarada zona C a actividade reduciuse ao mínimo quedando apenas
media ducia de mulleres faenando.

Na actualidade a Foz do Miñor é unha das 2 únicas zonas pechadas ao
marisqueo que hai no estado español, as 2 en Galiza. Os altísimos niveis de bacteria E.
Coli que segundo o propio Intecmar supera habitualmente os 20.000 UFC/100 g e
chegando en ocasións a picos que máis de 100.000 UFC/100 g, un dato moito maior dos
4.600 E. Coli por 100 g permitidos para a Zona B, na que se pode extraer marisco para o
seu envío á depuración son á causa deste peche..





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Foz do Miñor, incluída na Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003) desde 1999 polos seus valores ambientais, ven sufrindo estes problemas de contaminación dende hai décadas, froito do incremento da poboación dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e da presión das actividades residencias, industriais e turísticas na contorna.

A Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizou no ano 2018 un estudo denominado Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: Concello de Baiona, que se debería ter ampliado xa que non era máis que o avance dun estudo máis amplo que ían financiar os concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán pero que non chegou a realizarse.

A conclusión deste informe é que “dende o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un alcantarillado a ceo aberto, con enormes deficiencias na rede de saneamento, e múltiples entradas de augas fecais non depuradas ao longo e ancha da súa extensión”.

Remate este informe dicindo: “...os verquidos de augas fecais son responsables da deficiente calidade do marisco producido na Foz, sendo indispensable e urgente tomar medidas de mellora no saneamento e depuración de ditas augas.”

Ás persoas que traballan no sector do mar preocúpalles a situación actual da Foz do Miñor mais tamén temen que este deterioro progresivo da zona alcance á enseada de Baiona onde na actualidade realizan marisqueo a flote.

Co fin de denunciar a situación deste espazo a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor que engloba uns 25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivos, entre comunidades de montes, organizacións políticas e asociacións de veciñais e da que forma parte a Confraría de Pescadores de Baiona.

Os valores ambientais, paisaxísticos e produtivos da Foz do Miñor xustifican a actuación urxente para a rexeneración deste espazo por parte da Xunta de Galicia, en coordinación con concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán e coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que valoración fai o goberno galego do peche á extracción marisqueira na Foz do Miñor dende hai anos?
- Que niveis de contaminación fecal sofre a Foz do Miñor na actualidade, segundo as medicións do Intecmar ?
- Que actuacións ten levado a cabo para reverter esta situación?
- Que estudos e análises fixo a Xunta de Galiza sobre o estado ambiental e a contaminación da Foz do Miñor e cal foi o resultado destes estudos?
- Coñece a Xunta de Galiza o estudo realizado pola Universidade de Vigo (ECIMAT e grupo ECOTOX) sobre a contaminación por bacterias fecais da Foz do Miñor?
- Cantos vertidos contaminantes ten localizados Augas de Galiza nesta zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que un espazo de grande valor natural, unha zona de potencialidade pesqueira e marisqueira, e unha zona densamente habitada e de grande afluencia turística pode estar nestas condicións de contaminación?

- Ten previsto o goberno galego facer investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á Foz do Miñor?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Rosana Pérez Fernández

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 14/03/2022 11:35:12

Rosana Pérez Fernández na data 14/03/2022 11:35:16

María do Carme González Iglesias na data 14/03/2022 11:35:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a conflitividade laboral na CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal traballador da Corporación de Radio e Televisión de Galiza é o pilar sobre o que se ergue toda a estrutura dos medios de comunicación audiovisual públicos no noso país.

É por este motivo que resulta fundamental que a CRTVG, en tanto que empresa pública, teña clara a súa obriga de escrupuloso respecto aos dereitos laborais e persoais das persoas que conforman o corpus da Corporación.

Partindo deste principio resulta preocupante comprobar como unha e outra vez atopamos informacións noutros medios de comunicación referidas a distintos problemas e conflitos laborais da compañía coas súas traballadoras e traballadores; moitas veces incluso no que atinxe aos dereitos fundamentais destas persoas en tanto que traballadoras. Boa parte destes conflitos rematan nos tribunais e en boa parte das ocasións ditando sentencias contra as prácticas da CRTVG en tanto que empresa contratante.

Despedimentos improcedentes, vulneración dos dereitos de conciliación laboral e familiar, represalias políticas, acoso laboral... conforman algunha das sentencias máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rechamantes e escandalosas de todas as que ten de afrontar a CRTVG e que afondan na imaxe dunha corporación que semella non cumprir os estándares laborais mínimos que se lle deben esixir a unha empresa pública financiada co diñeiro de todas as galegas e galegos.

Sirva como exemplo a (pen)última sentenza condenatoria á CRTVG emitida polo TSXG neste mesmo mes de marzo por discriminaren a unha traballadora por razón de sexo e obstruír os seus dereitos de conciliación que supuxo unha indemnización de 6251 € e, máis aló diso, o recoñecemento da vulneración dos dereitos fundamentais desa traballadora.

Pero se miramos sentencias previas vemos que isto é un suma e segue.

- Febreiro 2022. “A TVG é obrigada polo Supremo a indemnizar ou readmitir unha traballadora tras 152 contratos nunha década”
- Decembro 2021: “Un xulgado condena a CRTVG por sancionar un traballador como represalia por mobilizarse nos 'venres negros”
- Setembro 2019: “A Xustiza volve condenar a CRTVG e anula os servizos mínimos da folga de decembro”
- Febreiro 2019: “O TSXG anula a orde da CRTVG aos seus redactores para que tamén editasen vídeo”
- Abril 2018: “A Xustiza condena a TVG por vulnerar o dereito á folga na mobilización feminista do 8M”

E isto son só algúns exemplos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por ese motivo que queremos facer un balance das sentencias que afectan dun ou outro xeito á Corporación da Radio e Televisión de Galiza así como ao seu percorrido xurídico previo. Temos uns medios de comunicación públicos que por un ou outro motivo non saen nunca dos Xulgados e que gastan moito diñeiro público nos tribunais; ben sexa en sentencias, en recursos e en indemnizacións.

A pesares desta realidade nas súas comparecencias periódicas dentro da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG o director xeral do ente, o señor Sánchez Izquierdo, nega unha e outra vez a maior aludindo a unha suposta falta de conflitividade laboral que polo tanto sería pouco menos que inventada por parte dos grupos políticos da oposición parlamentar.

É por iso que desde o BNG consideramos fundamental poder contar con datos obxectivos en relación a esta cuestión para poder facer unha avaliación veraz e axustada da conflitividade laboral e do seu custe (non só económico, senón tamén en imaxe pública) dentro da Corporación da Radio e Televisión de Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- En cantos procesos xudiciais por cuestións laborais de distinta índole se ten visto implicada a CRTVG no período entre 2018 e 2022?
- Cantas sentencias condenatorias en primeira instancia ten recibido a CRTVG?
- En cantos deses casos a CRTVG presentou recurso?
- Cantas sentencias se teñen perdido en última instancia?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o custo en compensacións que ten tido que afrontar a CRTVG en resultado desas sentencias?

- Que afectación considera ten esta conflitividade laboral na imaxe pública da CRTVG?

- Tendo en consideración todos eses datos, é a CRTVG unha compañía respectuosa cos dereitos fundamentais das súas traballadoras e traballadores?

- Estima que a política laboral da CRTVG é a axeitada para unha empresa pública?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/03/2022 12:27:49

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2022 12:27:53





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 14/03/2022 12:28:07



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A realidade do mercado laboral galego nestes case trece anos de goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia estivo caracterizado por un escaso dinamismo e un alto índice de precariedade, sendo un dos grandes fracasos das políticas do Partido Popular que no canto de empregar a súa competencia e os recursos públicos de maneira eficiente para loitar contra esta situación dedicouse ao *marketing* propagandístico redundando nos mesmos erros.

Así os últimos datos publicados polo IGE sobre a enquisa de poboación activa correspondentes ao cuarto trimestre de 2021 respecto ao mesmo trimestre de 2009 revélanos que temos 83.400 persoas activas menos, con 50.900 persoas ocupadas menos e cun número de parados que tan só diminuíu en 32.500 persoas nese mesmo período.

Se facemos un balance deste último ano, 2021, vemos que a taxa de actividade na nosa comunidade é do 52,9 %, fronte ao 59,14 do resto do Estado e que mentres que en España se crearon 840.000 empregos nun ano, superando a ocupación prepandemia, un crecemento do 4,35 % no conxunto do estado, o maior nivel de emprego dende a crise de 2008, en Galicia o crecemento foi tan só do 0,96 %, sendo a terceira peor evolución de todas as CC.AA e as cidades autónomas, só por detrás de Murcia e de Ceuta. O mesmo acontece na evolución do número de parados do último ano, mentres en Galicia no cuarto trimestre de 2021 a baixada respecto ao mesmo trimestre do ano anterior é de só un 5,3 %, para o conxunto do Estado é dun 16,56 %, é dicir no Estado a baixada foi máis da tripla que na nosa comunidade.

Despois de dous anos de pandemia que puxeron en evidencia as costuras do noso Estado do benestar, deixando á vista a desigualdade que aínda existe nos traballos do coidado doméstico e a precariedade do emprego feminino que, segundo os últimos datos achegados polos sindicatos a pandemia supuxo en Galicia que o 73 % do emprego que se perdeu foi entre as mulleres, que a taxa de actividade feminina se sitúa 8,8 puntos por debaixo da masculina e que a fenda salarial entre homes e mulleres se sitúa no 19 %.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai executar o Goberno galego a totalidade dos recursos destinados a favorecer a inserción laboral de calidade na nosa comunidade?

2ª) Vai elaborar o Goberno galego un plan de emprego para Galicia contando con todos os actores implicados: sindicatos, concellos, deputacións e asociacións empresariais que teña en conta a inserción laboral, fundamentalmente, do emprego feminino e dos colectivos con maiores problemas de inserción, adaptando a formación para persoas desempregadas ás necesidades do noso tecido produtivo?

3ª) Vai atender o Goberno galego a formación sobre o emprego autónomo?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os bos resultados que se están acadando sobre contratación indefinida na nosa comunidade dende a aprobación da reforma laboral polo Estado?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2022 13:08:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/03/2022 13:09:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/03/2022 13:09:21



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Xunta de Galicia elaborou un Plan estratéxico 2015-2020 que foi aprobado no ano 2016 e dende 2019 o presidente da Xunta de Galicia leva anunciando o novo plan para o período 2022-2030, sendo o último anuncio o feito polo propio presidente Feijóo no debate de orzamentos para 2022, cando afirmou que entraría neste Parlamento no mes de xaneiro de 2022, atopándonos a mediados do mes de marzo e sen que o dito documento fose remitido á cámara.

O feito máis rechamante foi ver como o presidente da Xunta de Galicia fixo a presentación do dito Plan estratéxico 2022-2030 para Galicia o pasado 2 de marzo nun foro organizado pola Voz de Galicia e o Banco Santander e que se desenvolveu no museo Santiago Fernández-Latorre no que expuxo as liñas fundamentais do documento que diseña 20 prioridades e 70 obxectivos estratéxicos, sen que por parte da Cámara legislativa de Galicia se teña coñecemento nin presentación del.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos polos que o presidente da Xunta de Galicia fai unha presentación do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 nun foro privado cando non se ten presentado na cámara legislativa galega?

2ª) Cando vai ter entrada o documento do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 no Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/03/2022 13:13:57





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2022 13:18:43
Nº Rexistro: 32187
Data envío: 14/03/2022 13:18:43.148

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/03/2022 13:14:11



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, establece no seu artigo 15 que as administracións públicas tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos o menciones conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura.

Establecendo que entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas pública.

O Parlamento de Galicia aprobou en Pleno por unanimidade, no mes de marzo do ano 2008 unha proposición non de lei transaccionada entre os 3 grupos parlamentarios: PSdeG-PSOE, PP e BNG, na que se acadaba o seguinte acordo:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simbología fascista e a promover a supresión dos nomes destes edificios que fan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da ditadura franquista.
2. Colaborar coas distintas administracións implicadas, nomeadamente cos concellos, na eliminación da simbología e nomenclatura fascista nos termos previstos no artigo 15 da Lei 52/2007 de 26 de decembro."

A pesares deste acordo e tras 15 anos de vixencia desta lei, moitos símbolos franquistas aínda perviven en fachadas, muros e outros elementos de edificios en Galicia.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos anos denunciando o desleixo deste goberno do PP en materia de memoria histórica, e defendemos que é necesario e urxente o cumprimento deste acordo parlamentario comezando pola elaboración por persoas técnicas cualificadas dun informe no que se relacione a simboloxía fascista aínda existente na nosa comunidade e a propiedade destes inmobles para despois proceder a súa retirada, xa sexa por competencia propia ou en colaboración coas distintas administracións implicadas ou persoas propietarias privadas.

Non pode ser que sigan a existir simboloxías fascistas na nosa contorna cando existe una norma que o prohibe.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a dar cumprimento ao acordo plenario acadado o 26 de marzo de 2008, e así aplicar o establecido na Lei 52/2007 do 26 de decembro, de memoria histórica?
2. Como valora o Goberno galego a posibilidade de elaborar un informe técnico onde se relacione toda a simboloxía fascista aínda presente no noso territorio e a propiedade destes inmobles, como paso previo ao cumprimento do acordo plenario?
3. Como xustifica este goberno que tras 15 anos de vixencia da Lei de memoria histórica e 14 anos dende o acordo plenario, non se cumprira o establecido nos mesmos?
4. Como xustifica a Xunta de Galicia o desleixo durante esta década no relativo á recuperación da memoria histórica no noso país?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 14/03/2022 16:18:35

Pablo Arangüena Fernández na data 14/03/2022 16:18:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas que debe adoptar o Goberno galego para esclarecer, inspeccionar e controlar o cumprimento do contrato no lote XG871 en termos de bases ofertadas e tempos de resposta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Dende a instauración dos últimos plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concretamente, o transporte de viaxeiros por estrada camiña cara un comportamento monopolístico do Grupo Monbus facilitado pola administración pública, onde foron desaparecendo as pequenas e medianas empresas de transporte ao non ser quen de competir nas mesmas condicións que este grupo nas licitacións propostas pola Xunta de Galiza debido ao seu propio deseño e confección.

Esta situación de connivencia tradúcese na vulneración sistemática dos dereitos tanto de usuarios como de traballadores deste grupo unha vez se poñen en funcionamento os servizos licitados.

Isto é, supresión de liñas, itinerarios ou horarios ou modificación dos mesmos de xeito unilateral por parte da empresa concesionaria incumprindo os propios preceptos da lei de transporte da Xunta de Galiza no que ten ver con algo tan fundamental como o carácter social que debe ter un servizo público de transporte de viaxeiros.

Alén desta cuestión son moi numerosas as denuncias interpostas por sindicatos, colectivos e usuarios ante o incumprimento reiterado dos contratos asinados entre Xunta de Galiza e o Grupo Monbus, tales como a vulneración das condicións de traballo dos traballadores da concesionaria, o incumprimento na idade máxima dos autobuses que operan nas liñas, a duplicidade de vehículos en diferentes lotes concesionados ou a vulneración nos tempos de resposta para avarías cando non existen as bases destinadas a reparación que se estipulan nos contratos.

Neste caso concreto estamos a falar do incumprimento das bases, e dos seus servizos, ofertados pola UTE beneficiaria do contrato, o que conleva un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento dos tempos de resposta que se calculan en relación ás bases ofertadas, a súa localización e as características das mesmas.

Isto, alén de ser irregular ao non existir os servizos e infraestruturas ofertados, xa ocasionou problemas para os usuarios e usuarias, con esperas superiores a 1 hora por avaría dun vehículo, cando o máximo de tempo de resposta ofertado para este lote é de 22 minutos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?
2. É coñecedora a Xunta de Galiza dos avisos realizados, mediante denuncias, do non cumprimento da oferta en termos de bases, as súas características e os tempos de resposta que se derivan delas?
3. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?
4. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos dos usuarios no servizo de transporte público de Galiza?
5. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza, nomeadamente no lote XG781?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2022 18:00:03

Paulo Ríos Santomé na data 14/03/2022 18:00:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha ampla representación da frota que faena no caladoiro do Cantábrico Noroeste ten expresado o seu rexeitamento á instalación de parques e complexos eólicos na plataforma continental galega, pola afectación a bancos pesqueiros e espazos mariños protexidos. A través do chamado “Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico-Noroeste”, asociacións e federacións de confrarías, así como armadores e outras organizacións están alertando sobre os diferentes proxectos de implantación de enerxía eólica mariña que poñen en perigo a actividade pesqueira, xa que as instalacións preténdense situar en caladoiros de pesca e tamén preto de espazos mariños que disfrutan dalgún tipo de protección.

Nomeadamente, o “Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico-Noroeste” que os asinantes fixeron público exprésase nos seguintes termos:

“Os pescadores, igual que a maioría da sociedade civil, estamos moi alarmados pola situación actual xerada polo cambio climático, que nos afecta dun xeito dobre, tanto como membros desa sociedade civil, como traballadores que dependen do bo estado dos ecosistemas mariños para seguir vivindo da pesca e proporcionando alimento á poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os pescadores estamos a favor da descarbonización e a implantación de enerxías renovábeis limpas que reduzan as emisións de CO₂, que tanto afectan á saúde do planeta, das persoas e do medio mariño, sempre que se instalen fóra dos caladoiros de pesca e contén coas avaliacións de impacto a todos os niveis, previas á súa implantación, en coherencia coas políticas ambientais e directivas de protección de hábitats.

A costa Atlántica e do Cantábrico non só contan cunha das frota de pesca máis importantes de toda a Unión Europea, senón que é unha das costas máis ricas en caladoiros de pesca, contando por exemplo coa costa asturiana e galega, con máis de 200 caladoiros catalogados, caladoiros que están nunhas condicións inmejorábeis de conservación, como amosa a gran superficie cuberta por espazos mariños protexidos en ambas as dúas Comunidades Autónomas.

Os pescadores somos os principais defensores dos nosos ecosistemas (alguén definíanos hai pouco tempo como os “gardíans do mar”) e levamos séculos traballando de xeito sostíbel nestes mares. A pesca é unha das actividades máis antigas que leva a cabo o ser humano, é fonte de proteína de primeira calidade, xeradora de emprego e dota de cohesión ás zonas costeiras evitando o desemprego e o illamento destas comunidades, evitando que se produza o efecto de “baleirado” como ocorre nos pobos do interior da Península. Non queremos converternos en “zonas costeiras baleiradas”.

Os proxectos de implantación de enerxía eólica mariña nas nosas costas non son compatíbeis cos usos existentes, nin coa escasa plataforma continental destas costas, que difire totalmente doutras zonas marítimas como o Mar do Norte ou o Mar Báltico, nin coa riqueza dos nosos ecosistemas, nin coa preservación da biodiversidade, nin co mantemento da actividade pesqueira, máxime cando as zonas de



prioridade de instalación das instalacións eólicas sitúanse nos caladoiros de pesca, e nalgúns casos preto de espazos mariños que disfrutan dalgún tipo de protección.

Os devanditos proxectos son tamén incompatíbeis co mantemento da biodiversidade nos ecosistemas mariños, destacamos como principais impactos acumulativos no medio mariño:

a) a contaminación acústica, coas graves consecuencias para aves e mamíferos mariños, incluíndo a xeración de ruído impulsivo que segundo os expertos poden producir incluso a morte de mamíferos mariños.

b) os cambios na rapidez e dirección das ondas, así como os posíbeis efectos de alteración das correntes mariñas e a súa afectación aos substratos e á biodiversidade e co consecuente impacto nos hábitats das especies de interese comercial para a nosa frota e a alteración dos ecosistemas existentes.

Ademais de todas as grandes incógnitas aínda pendentes de estudo sobre como afectan estas instalacións aos ecosistemas, fai que, dende o sector invoquemos o PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN antes de proceder a calquera desenvolvemento desta industria nos nosos mares, pois non se pode xogar coa natureza nin co futuro de moitas familias antes de coñecer as súas consecuencias.

Non aceptamos este cambio de paradigma, que poderosos grupos de presión con anuencia en moitos casos das nosas administracións, pretenden impoñernos, de ir cara unha industrialización do mar como fonte de enerxía renovábel, en detrimento da produción de alimentos sostíbeis e saudábeis, en detrimento do sector pesqueiro, das súas familias, das comunidades pesqueiras e ademais nestas costas en zonas altamente dependentes da pesca, sen que se teña feito ningunha avaliación sensata de como afectan aos nosos ecosistemas esas industrias, pois o propio IEO manifestou que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descoñece a afectación por exemplo en relación aos stocks dos nosos peláxicos como a sardiña, anchoa ou xurelo, por poñer uns exemplos.

O dano que se pode facer ao ecosistema pode ser irreversible, e isto non só afectará ao sector pesqueiro, aínda que será o primeiro en ser danado, a sociedade verase prexudicada, se se supeditan os intereses políticos ás necesidades presentes e futuras da sociedade, poñendo en risco o futuro das comunidades costeiras e o seu tecido socioeconómico.

Tal e como xa indicou o Parlamento Europeo no seu informe sobre o impacto no sector pesqueiro dos parques eólicos e outros sistemas de enerxía renovábel, a liña vermella que non se pode exceder da implantación desta enerxía eólica mariña nas augas da UE é a non afectación aos caladoiros de pesca e á actividade pesqueira, destacando que “se designen os caladoiros históricos e tradicionais específicos dos pescadores locais como zonas que deben permanecer libres de enerxías renovábeis mariñas” porque o esencial é preservar os nosos ecosistemas e a nosa actividade de provedores á sociedade da proteína animal saudábel que menos pegada de carbono deixa no planeta, tendo en conta que as restricións de acceso, poderían socavar a prestación responsábel e sostíbel de seguridade alimentaria.

A pesca en si mesma xa forma parte da solución para paliar o cambio climático, e os pescadores non podemos ser substituídos nos nosos mares por industrias que afecten ao noso modo de vida e aos nosos ecosistemas en prexuízo de toda a sociedade e para beneficio de empresas enerxéticas que amosaron estar moi apartadas do interese xeral e do ben común”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza do contido do “Manifesto de Burela na defensa do sector pesqueiro do Cantábrico Noroeste”?
- . Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para protexer ao sector pesqueiro da ameaza que suporía a localización de instalacións eólicas mariñas en caladoiros e espazos dedicados á actividade pesqueira?
- . Ten a Xunta de Galiza realizado algún estudo sobre o impacto da instalación de polígonos eólicos mariños nas costas galegas? De non ser así, entra dentro das súas previsións levalo a cabo?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/03/2022 09:25:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 15/03/2022 09:25:31

Rosana Pérez Fernández na data 15/03/2022 09:25:38



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Martín Seco García e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O IES Alfredo Brañas de Carballo foi construído a finais dos anos sesenta entrando en servizo no curso 70-71. Durante máis de 20 anos este foi o único instituto dunha extensa comarca feito que o convertería nunha referencia da provincia. Esta singularidade provocou que a finais dos anos oitenta acadara unha sonada masificación, chegando a superar os 1200 alumnos e alumnas e que por el teñan pasado ademais todo tipo de personalidades do país.

No ano 1989 acometeuse unha ampliación para paliar o déficit de espazo, ao tempo que a Consellería de Educación iniciou os trámites para crear un novo centro en Ponteceso, e un pouco máis tarde nun segundo en Carballo. No ano 1995 realizouse a reposición da cuberta do edificio principal, a anterior era de placas de fibrocemento sobre viguetas de formigón, sen ningún tipo de illamento. Xa en 1996 executouse unha reforma en profundidade do edificio: toda a carpintería, aseos, instalación eléctrica e falsos teitos en todas as dependencias incluíndo o propio salón de actos.

O que non se fixo a pesar de que era tamén unha necesidade foi o tratamento das fachadas, xa daquela se detectaban fendas que permitían a entrada de auga con risco de danos para a estrutura do edificio.

No curso 96-97 reformouse o único e pequeno patio do centro converténdoo nunha zona cuberta co obxecto de albergar ó futuro alumnado da ESO. Ata entón os recreos facíanse polas rúas.

Todas elas foron actuacións importantes e que chegaron despois das reivindicacións da comunidade educativa e das veciñas e veciños de Carballo. Na actualidade o salón de actos que sempre foi o corazón das actividades extraescolares e complementarias do centro está inutilizado, o que afecta directamente non só ao propio instituto, senón a todo o Concello e asociacións da localidade que nestes anos se teñen beneficiado deste singular espazo.

Os problemas no salón de actos veñen de atrás, no ano 1997 detectouse unha praga de couza na totalidade da madeira, incluída a porta de entrada. As solucións



achegadas naquel momento non deron resultado e o problema quedou latente. Finalmente o pasado mes de xuño parte do falso teito veuse abaixo como consecuencia da humidade e pola continuada acción da praga. Chegados aquí e á vista das graves deficiencias cómpre levar a cabo e con urxencia unha actuación profunda. Por outra banda, as filtracións de auga están a provocar caída de cascotes nas fachadas polo que a necesidade dunha intervención de calado no IES Alfredo Brañas ademais da reforma e as obras no salón de actos representa unha demanda xusta e prioritaria por razóns tamén de seguridade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo de que a Consellería de Educación non teña atendido en todos estes meses as necesarias reformas no IES Alfredo Brañas de Carballo?
2. Que ten feito a Xunta de Galicia para evitar os problemas que teñen derivado no peche do salón de actos desde que en xuño viuse abaixo o falso teito?
3. Vai arranxar a fachada do instituto para evitar que continúen a caer cascotes co risco que supón para a seguridade do alumnado e das profesoras e profesores?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Martín Seco García

Noa Díaz Varela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/03/2022 16:22:31

Martín Seco García na data 14/03/2022 16:22:38

Noa Susana Díaz Varela na data 14/03/2022 16:22:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2019 a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, os orzamentos do Estado incluíron unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros. Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

Esta situación viuse agravada no actual contexto de suba de prezos, polas consecuencias do incremento dos prezos dos carburantes que lle afectan de xeito directo tanto ao sector do transporte como ás persoas particulares nos seus desprazamentos habituais. Nas referidas comarcas, as elevadas peaxes, sumadas ao incremento dos combustíbeis, constitúen unha pesada carga que é necesario aliviar.

Ademais, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha alta densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Prevé o goberno galego aplicar na AG 55 e na AG 57 os mesmos descontos que existen na AP9?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Valorou a Xunta a posibilidade de establecer a gratuidade das autovías AG 55 e AG 57 de maneira temporal, en tanto persista o actual contexto de suba de prezos?

. Considera xusta a situación de agravio que sofren as persoas e empresas destas áreas, a respecto doutras que contan con autovías autonómicas libres de peaxe?

. Comparte o goberno galego que o abaratamento a curto prazo con maiores descontos, e a gratuidade a medio prazo, terían unha incidencia moi positiva na seguridade viaria e na mellora da calidade de vida da contorna das estradas convencionais do Val Miñor-Vigo e de Bergantiños-A Coruña?

. Considera necesario o goberno galego facer un estudo sobre o rescate da concesión da AG55 e AG57 de modo que se acabe coa discriminación que sofren as persoas usuarias destas autovías a respecto doutras de titularidade autonómica que son gratuítas?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2022 09:59:34

Paulo Ríos Santomé na data 15/03/2022 09:59:38

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2022 09:59:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Real Decreto que pretende regular a pesca nos caladoiros de augas territoriais competencia do Goberno do Estado contén previsións que suporán, de manterse no texto final e non seren corrixidas, importantes problemas para o sector pesqueiro galego.

Así, nos artigos 27 e 28 do Capítulo V, relacionados coas artes menores de pesca, faise referencia ás coñecidas como ‘redes de enmalle dun só pano ou betas’ establecendo unha relación de sinonimia entre o termo ‘betas’ e ‘volantillas’, cando no noso país estas artes non son equivalentes debido ás súas diferentes características técnicas.

Deste xeito, o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, deixa claras as características específicas de ambas as dúas técnicas. No caso das dimensións da malla, para a beta sería de igual ou máis de 60 milímetros, mentres que para a volantilla será mínimo de 60 e máximo de 90 milímetros. Ademais, as pezas da beta terán unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 3 metros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despois de armala. Pola contra, as pezas da volantilla, ademais desa lonxitude máxima de 50 metros, terán un número máximo de 70 mallas en vertical.

O uso de volantillas contribúe a unha pesca máis selectiva e respectuosa cos recursos mariños. Esta técnica está regulada mediante o Decreto xa citado, pero a competencia do mesmo límtase ao ámbito das augas interiores, competencia de Galiza. No entanto, no caso da normativa estatal que regula as artes de pesca non se atopa recollida a diferenza entre volantillas e betas.

Á hora de faenar, a non distinción entre ambas supón un importante prexuízo para os pesqueiros que empregan volantilla, ao ter que limitarse ás augas interiores, onde si se regulan e permiten esas artes. Nalgunhas zonas, como é o caso da Costa da Morte, resulta complicado aterse rigorosamente á lei, xa que o límite entre ambas as dúas augas está moi próximo. Cómpre, pois, garantir a mobilidade dos barcos pesqueiros para acceder aos bancos de pesca, sobre todo ás especies de maior tamaño, presentes maioritariamente fóra das augas interiores, e por iso cómpre tamén incorporar á regulación estatal a pesca con volantillas entre as artes permitidas, o que evitaría o risco de infraccións e, polo tanto, de sanción aos mariñeiros.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. . Que valoración fai a Xunta de Galiza do contido do “proxecto de Real Decreto polo que se regula o exercicio da pesca das diferentes modalidades que faenan en augas dos caladoiros nacionais Cantábrico Noroeste, Golfo de Cádiz e Mediterráneo”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Achegou algunha consideración, dentro do período de consulta pública que tivo lugar na segunda quincena do mes de outubro pasado, ou fóra del?

. Nomeadamente, trasladou as diferenzas entre betas e volantillas, que si reconece o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, da Consellaría do Mar? De non ser así, vaino facer, para garantir que as embarcacións que empregan a arte da volantilla podan faenar tanto en augas interiores como fóra delas?

. Como valora que no citado proxecto non se recolla a arte da volantilla como unha arte recoñecida distinta das betas en canto ás súas características técnicas?

. Que valoración fai sobre a falta de distinción entre as dúas artes no mencionado proxecto de Real Decreto e, polo tanto, da afectación que iso conleva para as embarcacións de artes menores que despachan coa arte da volantilla en Galiza?

. Como valora que a anoloxía que establece o proxecto entre as dúas artes lles impida faenar indistintamente en augas autonómicas e en augas competencia do Estado?

. Ten a Xunta de Galiza queixas ou reclamacións das confrarías, nomeadamente das da Costa da Morte, a este respecto?

. Ten coñecemento da imposición de sancións polo emprego da volantilla en augas competenciais do Estado?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/03/2022 10:33:13

María do Carme González Iglesias na data 15/03/2022 10:33:16

Rosana Pérez Fernández na data 15/03/2022 10:33:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foron varias as ocasións nas que, no que vai de lexislatura, este Grupo Parlamentar rexistrou e levou a debate distintas iniciativas sobre o proxecto e as obras que se están a levar a cabo na Ponte Nafonso, ben catalogado localizado entre os concellos de Outes e Noia e que forma parte do patrimonio histórico-artístico de Galiza.

Amais de termos solicitado a reposición do peitoril de pedra orixinal, que o goberno galego desbotou, instamos á Xunta de Galiza a paralizar as obras cando soubemos da existencia dunha gabia de formigón no centro da ponte que canaliza o cableado de telefonía e que o proxecto non só non contemplaba retirar senón que ampliaba, mantendo o dano feito no seu momento e provocando unha alteración estética tan grave como a elevación das varandas de metal por riba dos tallamares.

A este respecto, pedimos que se buscasen alternativas que fosen respectuosas co patrimonio e que non violentasen a propia Lei de Patrimonio Cultural de Galiza do ano 2016. O Grupo Parlamentario Popular votou en contra, pasando por enriba da súa propia Lei e alegando que a actuación “respecta ao máximo” o patrimonio cultural.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Solicitamos explicacións, e tamén a paralización das obras, á Dirección Xeral de Patrimonio e un estudo exhaustivo da situación. Explicacións, paralización e estudo que nunca chegaron.

Non só o BNG, tamén un importante número de veciños e veciñas da zona mobilizáronse para amosar o seu absoluto rexeitamento a unha actuación que, aínda que levaban anos agardándoa, non contribúe á recuperación do valor cultural da ponte medieval nin a salvagardar a súa autenticidade.

Contra toda lóxica e mínima sensibilidade, pois, os traballos iniciados o 18 de agosto de 2021 proseguiron e, segundo a propia Xunta de Galiza, deberían rematar o pasado 17 de febreiro. Mais non só non foi así, senón que levan paralizados preto de tres meses, dende decembro, despois de formigonar a ponte, cubrir con novas lousas as orixinais e elevando o firme de tal xeito que se produce unha importante acumulación de auga nos tallamares e se imposibilita implantar a varanda prevista nos mesmos

A Consellaría de Infraestruturas fixo público que a demora débese a que a Dirección Xeral de Patrimonio está pendente de autorizar un peitoril de pedra que, precisamente, parece que irá no lugar das varandas previstas, tal e como solicitou no seu día este Grupo malia que nos apostabamos polo peitoril orixinal. Modifícase pois, agora si, o proxecto inicial, e confírmase que a actuación foi e segue a ser absolutamente cuestionábel.

Todo isto, alén de poder afectar á preservación dun ben patrimonial senlleiro, está a provocar importantes molestias e inconvenientes para a comunicación entre a poboación das dúas beiras do río, mesmo afectando aos servizos de transporte público e convertendo un pequeno percorrido de apenas 300 metros nunha volta de máis de cinco quilómetros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é exactamente a razón, ou razóns, pola que están paralizados os traballos na Ponte Nafonso dende o mes de decembro, após de case catro meses de comenzaren?

. Levou a cabo a Xunta de Galiza a modificación do proxecto inicial de rehabilitación da Ponte Nafonso? De ser así, por que se decidiu rectificar? En que consisten concretamente os cambios? Non eran susceptíbeis de terse feito antes do comezo da actuación e sen ter, polo tanto, que causar prexuízos e inconvenientes á veciñanza?

. Tal e como ten feito público o goberno galego, vanse substituír as varandas previstas por un peitoril de pedra? De ser así, vai supoñer algún custo sobre o orzamento inicial do proxecto?

. De levarse a cabo a instalación dun peitoril de pedra, contempla a Xunta de Galiza a reposición do peitoril de pedra orixinal? De non ser así, por que razón?

. En que prazo temporal se van retomar as obras que completen e dean remate á actuación?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 15/03/2022 11:35:45

Rosana Pérez Fernández na data 15/03/2022 11:35:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas décadas, as políticas pesqueiras da Xunta de Galiza, do goberno do Estado e, sobre todo, da Unión Europea levaron ao despezamento e á paulatina eliminación de gran parte da frota galega, fronte á de terceiros países que están desenvolvendo as súas de xeito exponencial.

Só nos últimos 20 anos, a redución enfrontada pola frota pesqueira comunitaria acadada o 22%. Nomeadamente, no Estado español, a frota de grandes arrasteiros conxeladores estaba integrada por 210 barcos en 1991, fronte aos menos de 40 actuais. As reducións foron aínda máis graves na frota bacallaeira, que de 76 parellas e 12 bous ficou en 4 barcos, ou na do Gran Sol “dos 300”, que hoxe apenas supera os 70 buques. Tampouco a frota artesanal galega saíu ben parada das sucesivas decisións que se foron tomando nas distintas administracións e o sector das artes menores pasou de máis de 5.645 barcos no 2004 a 4.430 no 2016 e a 3.862 na actualidade.

Aínda que mermada, Galiza segue a ser unha potencia pesqueira dentro do Estado español e da Unión Europea e o sector segue a ter un peso moi relevante no noso Produto Interior Bruto e a proporcionar emprego a miles de persoas de xeito directo e indirecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector pesqueiro galego ten enfrontado múltiples problemáticas ao longo destes anos, a maior parte derivadas de decisións políticas cando menos cuestionábeis. Ten levado a cabo moitos esforzos para superalas, ten desenvolvido e adoptado importantes melloras das condicións físicas, de habitabilidade e tecnolóxicas nos seus barcos e tense convertido nunha actividade ambientalmente sostíbel, cada vez máis consciente da realidade do cambio climático que tamén lle afecta e da necesidade de que se arbitren medidas que contribúan a combatelo.

Malia isto, algunhas propostas para a redución dos niveis de gases de efecto invernadoiro da frota e de incentivación da aplicación de melloras na eficiencia enerxética, como as enerxías alternativas, están a ter unicamente en conta o punto de vista ambiental e a obviar e desbotar por completo o social, causando unha fonda preocupación e incerteza no sector.

É o caso do debate que hai case un ano se está a dar no seo da Organización Mundial do Comercio, que inclúe importantes cambios nas regras que actualmente rexen as axudas que recibe o sector pesqueiro, nomeadamente sobre as exencións fiscais aos combustíbeis, que quedarían eliminadas.

Tamén o é o das medidas que, para acelerar os obxectivos do cumprimento do Pacto Verde Europeo, está a tomar a Unión Europea, nomeadamente a revisión da Directiva de Tributación da Enerxía que pretende a eliminación dos prezos de combustíbeis libres de impostos dos que viña beneficiándose o sector pesqueiro.

Ou, moito máis recente, a aprobación por parte do Parlamento Europeo do Programa de Acción Medioambiental da UE ata 2030, que inclúe unha serie de medidas que afectan á pesca, nomeadamente a eliminación gradual dos subsidios aos combustíbeis lesivos para o medio ambiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, propostas, medidas e decisións que non cesan malia á escandalosa suba do prezo dos combustíbeis dende hai preto dun ano e á que a día de hoxe hai que sumar os efectos que a este respecto xa está a ter a invasión rusa de Ucraína, iniciada o pasado 24 de febreiro.

Após dous anos durísimos de pandemia, no que a pesca foi declarada actividade esencial, o sector está a padecer hoxe unha situación sen precedentes e da que leva meses advertindo. O importante incremento dos custos operativos, do prezo dos carburantes, o impacto da inflación (a taxa de inflación interanual en Galiza foi no pasado febreiro dun 8%, a máis alta dos últimos 30 anos e por riba do 7,6% rexistrado no conxunto do Estado) e o aumento das dificultades loxísticas está a levar a unha parte importante da frota ao amarre. De feito, a esta altura hai xa unha convocatoria de paro xeral a partir do día 21.

Ata o de agora, os distintos gobernos foron incapaces de tomar medidas para contrarrestar a situación que se estaba creando e que xa no 2021 provocou o encarecemento do combustíbel nun 58,64% dende principios de ano. No que vai de 2022, a suba xa é dun 107% e nos últimos 15 días pasou de 0,668 a 1,16, ao parecer insuficiente para que o ministro de Pesca se reúna cun sector que llo pediu hai máis dunha semana.

A situación é, pois, insostíbel e as perdas económicas, laborais e sociais que pode acarrexar, incalculábeis. Por iso non é de recibo a inacción a todos os niveis dos máximos responsábeis políticos diante dun escenario ao que non se lle ve fácil saída e diante do que hai que adoptar medidas excepcionais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación que está a vivir o sector pesqueiro por mor do incremento dos custos operativos, dos prezos dos carburantes, do impacto da inflación e das dificultades loxísticas que están a soportar?

. Ten avaliado ou estimado o impacto que estas circunstancias xa están a provocar no sector? De ser así, cales son as previsións desas estimacións?

. Que medidas está a levar, ou vai levar a cabo no futuro inmediato para paliar as consecuencias derivadas da crise actual que está a afectar ao sector pesqueiro e á súa viabilidade?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 15/03/2022 12:11:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 15/03/2022 12:11:17

Rosana Pérez Fernández na data 15/03/2022 12:11:28



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En España a vacina antirrábica é obrigatoria para cans por lei, salvo en Cataluña País Vasco e Galicia.

Dende o ano 1978 declárase España como territorio libre de rabia, os casos que se deron no noso país foron moi puntuais e provenientes de animais que viñan infectados doutros países.

Pero a pesar de que a posibilidade de contaxio non é elevada, a Asociación Empresarial Veterinaria CEVE Galicia leva anos reivindicando a necesidade de poñer esta vacina de forma obrigatoria aos animais domésticos xa que esta enfermidade, a rabia, é unha das zoonoses (enfermidade animal que pode transmitirse ás persoas) máis importantes xa que os contaxios son extremadamente graves porque a enfermidade é mortal.

Nestes días insisten nesta reivindicación con máis énfase motivado polo temor doutra posible emerxencia sanitaria, derivada da guerra de Ucraína, xa que por unha banda se estima que se incrementará notablemente a importación ilegal de cans/cadelas de caza procedente na súa maioría de países do este e por outra o elevado número de animais de compañía que poden chegar cos refuxiados/as.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista compartimos esta reivindicación xa que non podemos ignorar que Ucraína supón en Europa o caso máis extremo de contaxios desta enfermidade, rexistrándose entre o 2018 e o 2020, 2.616 casos de rabia en animais domésticos, salvaxes e incluso en humanos.

Por outra banda, o Ministerio de Agricultura, ante a previsible chegada de animais de compañía que non cumpran con estas condicións sanitarias impostas pola UE, publicou recentemente un documento no que se lembran as esixentes medidas impostas para poder darlle entrada a un animal de compañía na UE, e estableceu un protocolo de actuación homoxéneo en todo o territorio de España para mitigar os riscos.



Resaltando que o risco principal para o noso país segue a ser o norte de África, que é un territorio fortemente endémico e fonte frecuente de casos importados en Ceuta e Melilla, como demostra o actual foco de Melilla, que neste momento declarouse endémico e de difícil control e erradicación, o que fixo aumentar o nivel de risco para todo o resto do territorio nacional.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas galegos entendemos que unha política preventiva é moito máis eficaz e, por iso, compartimos esta xusta reivindicación ante o risco que pode supoñer esta enfermidade para a vida dos animais e das persoas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que Galicia é unha das 3 únicas comunidades autónomas que non ten implantada a vacinación antirrábica como obrigatoria para animais domésticos?
2. Ve o goberno da Xunta de Galicia a situación de conflito que se está a vivir en Ucraína e en consecuencia o éxodo de persoas e animais de compañía como un posible risco de chegada deste virus?
3. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia implantar a vacinación antirrábica obrigatoria en animais domésticos?
4. Está a aplicar o goberno da Xunta de Galicia o recente protocolo de actuación publicado polo Ministerio, ante a chegada de animais de compañía?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/03/2022 12:14:02

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2022 12:16:15
Nº Rexistro: 32292
Data envío: 15/03/2022 12:16:15.494

Martín Seco García na data 15/03/2022 12:14:10

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/03/2022 12:14:20

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

Na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia no seu artigo 4 contempla entre os seus principios inspiradores e alcances aspectos coma:

e) O respecto á dignidade humana, á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe.

f) A promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.

O 14 de marzo a Radio Galega no programa Galicia por Diante incorporaba ao faladoiro de actualidade como colaborador a Hugo Chamorro Pereira, para falar neste primeiro día de asuntos delicados como a guerra de Ucraína, a crise económica e a evolución da pandemia.

Os medios públicos teñen a obriga de ser plurais e representar a todas as sensibilidades da sociedade galega, pero sempre facendo respectar os mínimos marcados na lei.

Facendo un repaso dos comentarios e traballos do novo colaborador da radio pública galega atopamos que o único esforzo visible deste profesional nas redes e no medio onde desenvolve a súa actividade está no descrédito das ministras e ministros do Goberno do Estado, con ataques e descualificacións persoais tan graves como as seguintes:

“Irene Montero ahora quiere gastar más de 20.000 millones (PIB de Islandia) para alimentar sus CHIRINGUITOS FEMINISTAS mientras no tenemos ni para echar gasolina ni calentarnos. Solo quieren forrarse, enchufar a ‘amiguís’ y sacar tajada política. #IreneMonteroDimision #8Marzo2022”



4 marzo

¿Pero no iban a DIMITIR Ione Belarra, Echenique e Irene Montero? ¿Pero no iba a dimitir Ada Colau si era imputada? DIMITID YA, MENTIROsos. Ojalá más Amancio Ortega (Inditex) que donó 3M a Ucrania y menos podemitas pro dictaduras comunistas. Ya ni Antonio Maestre os defiende.

2

2 marzo

Ione Belarra no dimite porque le pagamos más de 100.000€ de sueldo. Tampoco dimite Yolanda Díaz, la Ministra de Trabajo que nunca trabajó. Ni tampoco dimite Rufián, el que odia a España pero le encantan los más de 126.000€ que le pagamos. Los anticapitalistas, le llaman.

Es normal que Unidas Podemos defienda a Rusia y al resto de DICTADURAS COMUNISTAS porque de ellas se financian. No es el 'No a la guerra', es el SÍ a acabar con Ucrania y occidente. Cumplid la palabra y DIMITE YA Ione Belarra, Yolanda Díaz y Echenique. No hagáis como Rufián.

1 marzo

Pablo Casado se despide. Ayuso le da el último golpe. Y Feijóo se postula como nuevo líder del PP. El objetivo ahora es echar a Pedro Sánchez y los vestigios de Pablo Iglesias, antes de que arruinen todavía más España.

22 febrero

Egea parece un 'perrito bueno' en #ObjetivoEgea en La Sexta. La realidad es que: tenían información intoxicada sobre Ayuso de dudosa procedencia, trataron de acabar con ella por envidia y poder, pero Ayuso 1) no es Cifuentes y 2) cuenta con el apoyo de barones y militancia.



16 febreiro

No hubo ningún acoso a los hijos de Pablo Iglesias e Irene Montero. El juez acaba de absolver a Entrambasaguas y OKDIARIO. Dolores Delgado, Iglesias y Montero ya tendrían que estar en la cárcel por dar falso testimonio y acusar sin tener la sentencia. Pero no les pasará nada.

9

9 febreiro

Irene Montero “va como madre” con 4 coches oficiales que pagamos entre todos. Gracias a Pablo Iglesias pasó de cajera a Ministra en 6 años; y ahora usa a sus hijos para dar pena y sacar rédito político. Un chollo todo.

9 febreiro

Pablo Iglesias e Irene Montero están usando a sus propios hijos para dar pena y obtener rédito electoral en las elecciones de Castilla y León. Qué asco más absoluto.

3 febreiro

#Pucherazo absoluto del PSOE en la votación de #ReformaLaboral. El PP recurrirá el incumplimiento de Meritxell Batet ante el Tribunal Constitucional. El PSOE está en contra de la democracia.

O novo colaborador é coñecido ademais pola súa participación en episodios polémicos como o que mesmo valeu unha investigación por parte da Subdelegación do Goberno de Pontevedra no que xunto a Javier Negre filmaron un vídeo acosando e humillando a un vendedor ambulante en Nigrán aproveitando que ambos cubrían a campaña electoral de Vox neses momentos en pleno Estado de Alarma. Hugo Pereira xustificou a gravación “al NEGRO” porque hai “ establecimientos de Nigrán que pagan os seus impostos”.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o criterio e en base a que méritos se incorpora como colaborador a Hugo Pereira?
2. Que valoración fai a Dirección xeral da CRTVG da fichaxe como colaborador de Hugo Pereira a tenor destas manifestacións?
3. Canto paga a CRTVG por programa ao xornalista?
4. Ten subscrito un contrato de colaboración ou se trata dunha colaboración puntual?
5. Comparte que respectando sempre a liberdade de opinión e expresión os medios públicos deben de evitar converterse en altosfalantes de mensaxes que incumpren artigos como o respecto á dignidade humana, á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe así como a promoción activa da igualdade, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2022 12:19:37
Nº Rexistro: 32294
Data envío: 15/03/2022 12:19:37.881

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 15/03/2022 12:18:01

Noa Susana Díaz Varela na data 15/03/2022 12:18:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do transporte público de viaxeiros na comarca de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos e, en concreto, o transporte público é básico para facilitar a vida diaria da poboación, nomeadamente no rural. Cumpre a función de vertebral o territorio do noso País, ademais de supor un elemento chave na democratización no acceso á mobilidade ao garantir a comunicación de áreas con dificultades neste eido. Nunha situación demográfica coma a que padece Galiza, o transporte público colectivo é un servizo vital para evitar un maior despoboamento do rural permitindo a conectividade de núcleos poboacionais.

Asemade, o transporte colectivo supón unha importante estratexia na loita contra a contaminación e contra o cambio climático, ao permitir unha redución no número de vehículos particulares circulando polas estradas, e polo tanto, tamén unha diminución na emisión de gases contaminantes.

Neste sentido, o Plan de Transporte Público de Galiza fixa uns obxectivos concretos, recollidos a continuación de xeito literal:

- Facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e medioambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Fomentar e potenciar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.
- Facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.

Partindo desta base, o servizo de transporte público debe cubrir as necesidades das persoas que o utilizan, e que poidan entender como unha boa alternativa o seu uso. Cando se elimina unha liña baixo a premisa da baixa demanda, vulnéransen os principios do propio plan xa que se están deixando de cubrir as necesidades das persoas que precisan este servizo nos seus desprazamentos.

No caso do servizo XG80412 Santiago E.A. - Negreira, as persoas usuarias deste transporte viron como o luns 24 de xaneiro se mudaron os horarios da liña sen previo aviso e sen capacidade para reaccionar e adaptarse a estas novas circunstancias. A información foi escasa nestes primeiros días despois do cambio, con dificultades e trabas para que as viaxeiras puidesen acceder a esta información básica. As persoas usuarias ademais denuncian o mal estado dos vehículos, que presentan múltiples incomodidades e deficiencias que supoñen un atranco tamén para a súa socialización como alternativa de transporte entre a poboación xeral.

Este cambio nos horarios trouxo consigo novas dificultades, ao non compaxinarse cos horarios habituais dunha gran parte das viaxeiras habituais. Cómpre sinalar que esta liña, ademais de ser utilizada por viaxeiras ocasionais, tamén é frecuentemente usada por traballadoras e incluso por estudantes dos IES de Brión e o IES Xulián Magariños e doutros centros educativos da zona. Esta cuestión foi denunciada polas ANPAS e as equipas directivas dos centros polo prexuízo nos cambios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de horario que afectan a máis de medio cento de alumnas e alumnos aos que a chegada do autobús non se axusta agora co inicio das aulas cando até este momento estaban utilizando o transporte público sen inconvenientes.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o transporte colectivo na Galiza e dos inconvenientes que está a supor a modificación de liñas e horarios?
- Cal é a razón pola que o goberno galego está a permitir esta modificación de liñas e horarios sen aviso previo e co agravio que supoñen para a poboación?
- Entende a Xunta de Galiza o transporte público como un servizo no que deben garantirse as necesidades das usuarias?
- Que medidas ten contempladas o goberno galego para restaurar liñas e horarios no transporte colectivo axeitadas para a poboación que o utiliza?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 15/03/2022 13:39:15

Iria Carreira Pazos na data 15/03/2022 13:39:18



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Instituto de Educación Secundaria Frei Martín Sarmiento en Pontevedra, leva dende o ano 1998 cunha oferta educativa de E.S.O, Bacharelato e Formación Profesional Básica.

Situado no centro da cidade conta na actualidade con 480 de alumnos e alumnas que cursan os seus estudos de E.S.O e Bacharelato, a meirande parte residentes nos barrios achegados (pasarela, Juan Carlos I, Joaquín Costa...) e tamén nalgunha das parroquias deste concello (Mourete, Marcón...), a maiores disto o alumnado de FP.

No último ano a comunidade educativa está moi preocupada xa que dende inspección educativa se lles advertiu da posibilidade de suprimir os estudos de ESO e Bacharelato.

O equipo directivo do centro non ten coñecemento sobre cal é o plan previsto pola Xunta de Galicia para este centro educativo, e a pesar de solicitar información en repetidas ocasións unicamente obtiveron por resposta que o próximo curso 2022/2023 seguirá a mesma oferta educativa.

Esta incerteza está a causar moitos prexuízos tanto entre os pais e nais do alumnado que dubidan á hora de matricular aos seus fillos nun centro que pode non ter continuidade. Pero tamén entre o profesorado, xa que afecta a entre 35 e 40 profesores e profesoras que no caso de finalizar a oferta de ESO e Bacharelato terían que ser trasladados a outros IES.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non compartimos esta actitude da Xunta de Galicia de opacidade e de gobernar de costas aos intereses da comunidade educativa, xa que defendemos que este centro é o axeitado pola súa situación e traxectoria para continuar prestando esta oferta educativa, entendendo tamén que existen outros centros na cidade máis axeitados para a ampliación da oferta de grados de Formación Profesional.



E por outra banda esiximos a este Goberno que informe ao centro do plan de futuro que teñen previsto para o mesmo, e así rematar coa incerteza existente e a desinformación que están a sufrir.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento?
2. No caso de suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento, onde van adscribir a eses case 500 alumnos e alumnas?
3. No caso de suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento, que van facer cos 40 mestres e mestras?
4. Cando ten previsto o Goberno galego informar á Dirección do IES Frei Martín Sarmiento do plan educativo previsto para este centro a medio e longo prazo?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/03/2022 14:24:45

Noelia Otero Lago na data 15/03/2022 14:24:52

Noa Susana Díaz Varela na data 15/03/2022 14:24:59



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Tras as declaracións no mes de febreiro do líder do Partido Popular nacional, o Sr. Pablo Casado, nunha entrevista radiofónica na Cope na que denunciaba un posible trato de favor por parte da presidenta da Comunidade de Madrid cara ao seu irmán na que manifestaba que “Más allá de que sea ilegal, la cuestión es si es entendible que el 1 de abril de 2020, cuando morían en España 700 personas, se pueden contratar con tu hermana y recibir 300.000 euros por vender mascarillas” desencadeouse unha guerra interna dentro do PP con supostas tramas de espionaxe e cobro de comisións que no canto de poñer o foco na posible prevaricación, o PP puxo o foco en quen denunciaba publicamente o posible delito, sen que ese feito fose posto en coñecemento da xustiza.

Ante estes feitos, o 10 de marzo o Sr. Núñez Feijóo foi proclamado candidato único á presidencia do partido para o Congreso extraordinario que desenvolverán en Sevilla os días 1 e 2 de abril e aínda que nas súas primeiras declaracións manifestou que “Es mejor perder el Gobierno que ganarlo desde el populismo”, en alusión aos pactos con VOX, a realidade é que a súa primeira achega ao partido a nivel nacional foi permitir que na Comunidade de Castela e León se materializase o primeiro pacto de goberno coa extrema dereita.

Así, mentres o Sr. Feijóo percorre a xeografía española para culminar a súa elección como presidente do partido anuncia que vai seguir gobernando Galicia dende o teléfono móbil ou nun *click* de ordenador.

A última perla que nos deixou o candidato Feijóo foi onte nun mitin do seu partido en Baleares con declaracións nas que afirmaba que “El Gobierno se está forrando con la subida de los precios de la luz”, declaracións que manifestan unha torticeira interpretación sobre os ingresos que percibe o Estado e sobre os ingresos que perciben as CCAA, así como a intencionalidade en evitar manifestar que do imposto especial sobre os hidrocarburos o 58 % son transferidos ás CCAA.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Estase “forrando” a Comunidade Autónoma galega coa subida dos prezos da luz?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre estas afirmacións do presidente da Xunta de Galicia nun mitin do seu partido?

3ª) Canto recibiu a Xunta de Galicia en 2021 dentro do financiamento autonómico en concepto do 58 % correspondente ao imposto especial sobre os hidrocarburos?

4ª) A que destinou a Xunta de Galicia en 2021 o 58 % recibido por parte do Estado, dentro do financiamento autonómico, correspondente ao imposto especial sobre os hidrocarburos?

5ª) Canto orzamentou en 2022 a Xunta de Galicia como ingreso correspondente ao imposto especial sobre os hidrocarburos?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 202

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/03/2022 12:07:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/03/2022 12:07:43



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As agresións LGTBIfóbicas non deixaron de aumentar no conxunto do Estado. Os datos dos distintos observatorios contra a homofobia en Madrid, Cataluña ou no Observatorio da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio Galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. A maioría dos incidentes non se denuncian, porque o nivel de infradenuncia está arredor do 90 % tanto nas agresións como nos delitos de odio cara ao colectivo LGTBI.

Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes se institucionalizan ou normalizan no ámbito público. Estes discursos supoñen unha forma de violencia á que non debemos afacernos e que debe combatirse dende as administracións e nos parlamentos.

Ante esta situación, é imprescindible que desde todos os ámbitos e desde todas as institucións se dea máis visibilidade e máis apoio público e institucional ao colectivo LGTBI e se asuma o problema con seriedade coa posta en marcha de todas as ferramentas normativas necesarias para combatelas.

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e en teoría de participación social, integrado pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as universidades galegas, os sindicatos UGT, CC.OO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Un órgano aberto ás entidades LGTBI que levan reclamando dende a súa creación no ano 2018 que se lle dote de contido, actividade e orzamento.

Pero o certo, é que este Observatorio dende a súa creación apenas tivo actividade, o pasado mes de xullo, máis de dous anos despois da súa posta en marcha aínda se aprobaba o regulamento de funcionamento. Ante esta falta de actividade propia e a preguntas deste Grupo Parlamentario, a conselleira de Emprego e Igualdade



anunciaba no mes de decembro en sesión plenaria que o Observatorio tería unha nova xuntanza no primeiro trimestre de 2022.

A 15 de marzo nada se sabe arredor desta xuntanza ou sobre a previsión de organizala en vindeiras datas. Continúa polo tanto sendo, a xuízo das distintas asociacións e sindicatos e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, unha materia pendente na Consellería de Igualdade a de tomar en serio este órgano creado para traballar contra a discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai dotar de contido, recursos e actividade regular o Observatorio?
2. Considera que dende a súa creación no ano 2018 o Observatorio ten cumprido coa finalidade para o que foi acordado?
3. Cantas xuntanzas teñen previsto realizar do Observatorio este ano?
4. Cantas actividades fixeron ao amparo do Observatorio dende a súa creación?

Pazo do Parlamento, 15 de marzo do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 16/03/2022 12:24:33





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2022 12:31:14
Nº Rexistro: 32325
Data envío: 16/03/2022 12:31:14.251

Julio Torrado Quintela na data 16/03/2022 12:24:40

Marina Ortega Otero na data 16/03/2022 12:24:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a transferencia a Galiza do Ingreso Mínimo Vital.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a súa creación a través do Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, o Ingreso Mínimo Vital apenas chegou a un terzo da poboación prevista inicialmente polo Goberno español. Ás sucesivas modificacións normativas durante os primeiros meses de implantación engadíronselle problemas burocráticos na súa tramitación que demoraron o acceso a esta prestación económica xerando graves prexuízos para persoas usuarias, entre elas, galegas e galegos beneficiarias da RISGA debido á incompatibilidade de ambas as dúas prestacións.

O tempo transcorrido puxo en evidencia a necesidade de que a xestión do Ingreso Mínimo Vital sexa transferida ás Comunidades Autónomas para axilizar a súa tramitación e adaptala ás diversas realidades socio-económicas de cada territorio.

De feito, a propia lei que crea e regula o IMV prevé no seu articulado (disposición adicional quinta) a súa transferencia aos territorios forais (Euskadi e Navarra) e tamén a posibilidade de conveniar (disposición adicional cuarta) coas comunidades de réxime común a cesión da súa xestión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, non foi até 2022, e logo dunha intensa negociación, que o Goberno español e o Goberno de Euskadi acordaron a transferencia. É dicir, tardaron dous anos en dar cumprimento ao disposto na propia lei.

Pola nosa banda, Galiza vén reclamando a transferencia do IMV desde o inicio desta prestación. Neste senso, foi obxecto de diversos acordos parlamentarios esta reclamación, o primeiro deles en decembro de 2020.

O Ingreso Mínimo Vital é unha ferramenta útil e necesaria para garantir o dereito a unha vida digna, iso é indiscutíbel, mais o centralismo político non pode prexudicar a súa implantación e, moito menos, mermar a súa efectividade porque dela depende a garantía de dereitos fundamentais.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos reclamando e urxindo a transferencia a Galiza do IMV co obxectivo non só de axilizar a súa tramitación senón como mecanismo para crear unha prestación única que supere a actual RISGA e permita crear unha Renda galega de inclusión social e laboral.

No contexto actual, marcado pola brutal escalada de prezos que está a empobrecer amplísimas capas da sociedade, a reclamación da transferencia a Galiza do IMV colle novo impulso e faise aínda máis necesaria. Por esta razón, é preciso que a Xunta de Galiza materialice de maneira máis contundente esta demanda a través dos organismos formalmente creados para este tipo de traspasos.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Cando vai convocar a Xunta de Galiza a comisión mixta de transferencias para esixir, entre outros, o traspaso ao noso país do Ingreso Mínimo Vital?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2022 13:41:37

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2022 13:41:41

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2022 13:41:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao dereito do persoal estatutario dos Servizos de Saúde á xubilación anticipada e parcial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de xullo de 2006 subscribiuse o Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social, consecuencia do cal foi promulgada a Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social. Na súa disposición adicional sétima establece que *“no prazo dun ano, o Goberno presentará un estudo sobre a normativa reguladora da xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públic@s, así como do persoal das Forzas Armadas e ao servizo da Administración de Xustiza, que aborde a aplicación da normativa reguladora de tales modalidades de xubilación, as condicións nas que esta aplicación non xere problemas de sostibilidade aos sistemas de protección social e á homoxeneización, en termos equiparábeis, dos diferentes réximes. En dito estudo contemplarase a realidade específica dos diferentes colectivos afectados, incluída á do persoal ao que lle é de aplicación a Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, tomando en consideración as singularidades que rodean ao mesmo, desde unha perspectiva acorde coas prioridades e garantías que se sinalen no parágrafo anterior”*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesar de que teñen transcorrido case 15 anos desde a aprobación da Lei, o persoal estatutario, así como o resto de empregad@s públic@s, seguen sen ter garantido o acceso á xubilación anticipada e parcial, véndose frustradas as expectativas dese dereito de multitude de persoas que, por razón da súa idade, poidan aspirar a acollerse a estas modalidades de xubilación.

Tal como admite a propia disposición adicional sétima da Lei 40/2007 o persoal estatutario ten singularidades que o distinguen do resto do funcionariado, pola propia natureza do servizo público sanitario, prestación de servizo continuado as vinte e catro horas do día e os trescentos sesenta e cinco días do ano, o contacto coa enfermidade, a toma de decisións sobre a saúde e a vida doutras persoas, a presión familiar, o traballo a quendas...

Os propios plans de ordenación de recursos humanos que publica a propia Administración recollen problemas como os de unha pirámide profesional envellecida, o que incrementa o número de incapacidades temporais, a imposibilidade de efectivizar os acordos sindicais relativos a que o persoal facultativo deixe de facer gardas ao cumprir 55 anos, a imposibilidade de non traballar en horario nocturno a partir desa idade do resto do persoal...

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai a Xunta de Galiza dirixirse ao Goberno español en demanda de que regule a xubilación anticipada e parcial d@s empregad@s públicos dos Servizos de Saúde?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non lle parece de xustiza a regulación da xubilación anticipada e parcial dadas as características do traballo que desempeñan de atención continuada, quendas, afectación psicosocial...?

Ten intención a Xunta de Galiza de desenvolver a Lei do Estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde de Galiza, contemplado no punto 3 do artigo 109 da Lei 8/2008?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2022 17:07:54

Iria Carreira Pazos na data 16/03/2022 17:07:57

María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2022 17:08:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de marzo a planta industrial que a empresa Foresa ten na avenida dona Urraca en Caldas rexistrou unha nova detonación que causou alarma nas casas da contorna e que se escoitou no casco urbano da vila. Este episodio vén sumarse a outros semellantes nas semanas anteriores, que se escoitaron a varios quilómetros de distancia.

Estamos a falar dunha planta de produtos químicos, situada nunha zona plenamente urbana, a moi pouca distancia do centro dunha vila na que residen miles de persoas. Tendo en conta esta circunstancia e a repetición dos feitos descritos, resulta necesario que a Xunta de Galiza leve a cabo unha investigación e elabore un informe sobre as citadas detonacións e sobre os potenciais riscos para a poboación da contorna.

Logo da denuncia pública realizada polo BNG de Caldas, a empresa informou que a explosión do pasado 7 de marzo estivo provocada pola posta en marcha das instalacións despois dunha parada na actividade. Mais trátase de feitos reiterados, que causan alarma e preocupación na poboación e, por este motivo, ademais da versión dada pola empresa, sería necesario que por parte da administración galega se informase ao respecto, garantindo a seguridade das instalacións e a adecuación do seu emprazamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De que información dispón a Xunta sobre as detonacións que se veñen producindo de maneira reiterada na factoría de Foresa en Caldas?

Realizou a Xunta algunha investigación sobre estes feitos e sobre os potenciais riscos para a poboación?

Comparte o goberno galego a necesidade de realizar un informe sobre a seguridade das instalacións e sobre a idoneidade do seu emprazamento?

Santiago de Compostela, 16 de marzo 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2022 17:51:30

María do Carme González Iglesias na data 16/03/2022 17:51:36

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/03/2022 17:51:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/03/2022 17:51:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Augas de Galicia, organismo dependente da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, está a tramitar o Plan de xestión do risco de inundacións na demarcación hidrográfica Galiza Costa para o período 2021-2027. No estudo ambiental estratéxico do citado plan, Augas de Galicia sinala como un dos problemas ambientais relevantes a introdución de especies exóticas invasoras, que afectan negativamente aos ecosistemas acuáticos e á vexetación de ribeira. No citado estudo inclúese o eucalipto entre as especies exóticas invasoras e advírtese dos problemas creados pola súa proliferación na contorna dos ríos, afirmación que foi cuestionada no informe da Consellaría de Medio Rural, que fai referencia á importancia do eucalipto como especie forestal e amosa a súa preocupación polo feito de que se faga referencia a esta especie como un “problema”, xa que “podería dar lugar a que nun futuro se impuxesen restricións ao seu uso ou á execución de tratamentos silvícolas ou aproveitamentos”.

Mais alá da categorización ou non do eucalipto como invasora, tema sobre o que existe unha forte controversia técnico-científica e legal, a realidade é que están máis que demostrados os efectos adversos das plantacións de eucaliptos no solo, na biodiversidade, nos recursos hídricos e na regulación do ciclo hidrolóxico, e nomeadamente o seu impacto negativo sobre os ecosistemas fluviais e as súas contornas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación coa tramitación do Plan de xestión do risco de inundacións e o seu estudo ambiental estratéxico, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitíu o pasado 22 de febreiro a Declaración Ambiental Estratéxica, na que se establece que o plan de inundacións deberá ter en conta actuacións que se desenvolvan máis alá dos cinco metros da canle e que poidan afectar á funcionalidade do bosque de ribeira xa que “especies con altos requirimentos hídricos poden afectar aos niveis freáticos e ás zonas húmidas lindeiras e ao sistema radicular das árbores de ribeira”.

Neste documento, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental sinala a necesidade de incluír no Plan os contidos da Declaración Ambiental Estratéxica así como un extracto que inclúa os seguintes aspectos:

- De que maneira se integraron no plan os aspectos ambientais.
- Como se tomou en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas, así como, cando proceda, as discrepancias que puidesen xurdir ao respecto.
- As razóns da escolla da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

Do anteriormente sinalado parece deducirse que hai cando menos unha clara diverxencia no goberno a respecto da incidencia ambiental do eucalipto e do seu impacto sobre os ecosistemas fluviais e os bosques de ribeira. E debe polo tanto quedar claro se prevalecen os criterios ambientais e de protección da diversidade ou os intereses produtivistas e economicistas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para garantir a protección e conservación dos bosques de ribeira?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas ten previsto implantar a Xunta en relación con “especies con altos requirimentos hídricos que poden afectar aos niveis freáticos e ás zonas húmidas lindeiras”?

Ten previsto o goberno galego establecer a restrición da plantación e proliferación de eucaliptos, e doutras especies foráneas, na contorna dos ríos, así como desenvolver un plan para a súa eliminación progresiva?

Que criterios prevalecen nas políticas do goberno galego en relación cos ecosistemas fluviais e as súas zonas de influencia: os de protección ambiental e da biodiversidade ou os criterios puramente produtivistas e economicistas?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/03/2022 18:22:37

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2022 18:22:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/03/2022 18:22:48



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia non foi unha prioridade para os distintos gobernos encabezados por Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, unha situación límite para moitas persoas e fogares que aínda non se tiñan recuperado da crise de 2008 e que se viu agravada polas consecuencias económicas e sociais derivadas da pandemia provocada pola covid-19, chegando en 2020 a **694.367 persoas en risco** de pobreza ou exclusión social (AROPE), é dicir o 25,7 % da poboación galega, **38.389 máis que no ano anterior**, 598.000 persoas no umbral da pobreza e 253.000 persoas que padecían pobreza severa (datos do último informe publicado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN) sobre “*O estado da pobreza en Galicia 2020*”), poñendo novamente en evidencia a feminización da pobreza, cunha taxa AROPE en mulleres que pasou do 24,1 % ao 26,2 % en 2020, mentres que a dos homes incrementouse en menos dun punto, pasando do 24,5 % ao 25,3 %.

Se a situación da pobreza e a exclusión social no noso país xa era alarmante antes da pandemia, esta e a inexistencia de políticas de acceso á vivenda agravaron a pobreza e a privación material severa en Galicia, así o mesmo informe di literalmente que “A emerxencia residencial ante a falla en Galicia de vivendas dignas e accesibles está impedindo *de facto* o éxito nos procesos e medidas de inclusión social e loita contra a pobreza”, co que á vista destes datos, parece difícil poder cumprir en 2030 co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e reducir a pobreza á metade que no 2015.

O acceso ao emprego debería ser a ferramenta determinante para saír da pobreza, pero a Enquisa de condicións de vida elaborada polo INE reflicte que as persoas accederon de forma moi limitada ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e as que o atoparon foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral, tendo que no cuarto trimestre de 2021 había 50.900 fogares con todos os seus membros en paro, 1.100 fogares máis que no mesmo trimestre de 2009, ou 28.000 fogares sen ingresos, 10.600 máis que en 2009.



Estes datos, recollidos nun bo número de informes, poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas, sociais e de emprego da Xunta de Galicia do PP durante os trece anos de goberno, que no canto de contribuír a diminuír as desigualdades teñen incrementado a fenda inicialmente existente, chegando nalgúns casos a se consideraren situacións naturalizadas, pasando así de ser lacras a combater a feitos que aceptar e que o incremento en máis de 1.500 millóns de euros no orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia en 2021 ata chegar aos 13.396 millóns de euros, grazas aos fondos procedentes do Estado e da Unión Europea, non supuxo que o Goberno galego puxese as medidas precisas para reverter esta situación.

Neste exercicio 2022, os orzamentos da Xunta de Galicia volven a acadar créditos históricos, con 13.118 millóns de euros, unha vez máis grazas aos fondos que veñen do Estado e da Unión Europea, moitos deles finalistas para políticas de vivenda, de emprego, de axuda ás persoas máis vulnerables ou para igualdade, entre outros.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Vai elaborar o Goberno galego un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social, con prazos e medidas concretas e medibles, para reverter esta preocupante situación dos fogares galegos, no que participen os grupos parlamentarios, os axentes económicos e sociais e os sindicatos.?
- 2ª) Que orzamento executou a Xunta de Galicia nos exercicios 2020 e 2021 para políticas de vivenda e en que medidas se materializou?
- 3ª) Que orzamento destinou o Goberno galego no exercicio 2020 e 2021 para evitar a consolidación da pobreza no noso país e en que medidas se materializou?
- 4ª) Que orzamento vai dedicar o Goberno galego no exercicio 2022 para reverter a situación de pobreza no noso país?
- 5ª) Que medidas está a implementar o Goberno galego para loitar contra a pobreza e a exclusión social?
- 6ª) Ten valorado o Goberno galego as repercusións económicas e sociais que supoñen a situación actual da pobreza e a exclusión social en Galicia?



7ª) Que orzamento pensa executar o Goberno galego neste exercicio 2022 a políticas de vivenda e en que se van materializar?

8ª) Que orzamento pensa executar o Goberno galego neste exercicio 2022 a políticas de emprego e en que se vai materializar?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/03/2022 13:22:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/03/2022 13:22:25

Marina Ortega Otero na data 16/03/2022 13:22:46



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No mes de febreiro de 2022 produciuse un vertido con olor a hidrocarburos no río Xuvia, que foi denunciado pola Sociedade de Caza e Pesca Xuvia responsabilizando á depuradora das Somozas, con problemas crónicos de funcionamento e que nese momento estaba parada, segundo verificaron os integrantes da antedita sociedade, ademais de constatar que o vertido partía dela.

Con ocasión dese vertido, o alcalde das Somozas responsabilizou do sucedido á empresa que explota a canteira do Portelo, mentres que o alcalde de San Sadurniño demandou “maior rigor por parte das autoridades ambientais”. Pola súa banda o concelleiro de Medio Ambiente de Narón referiu “a repetida presenza de elevados niveis de bacterias E.Coli” na auga do Xuvia na área recreativa de Pedroso, que obriga a prohibir o baño nela, alertando dun “problema medioambiental gravísimo, que afecta a todo o ecosistema e á biodiversidade do río e das súas marxes, nunha zona que é Rede Natura e remata na ría”. O episodio de contaminación foi denunciado ante Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Policía Autonómica.

Os casos de contaminación no río Xuvia son recorrentes. No mes de setembro de 2021 apareceron centos de troitas mortas na área recreativa de Moeche, pechando o concello o baño no río. En 2019 houbo polo menos outros dous episodios de mortalidade de troitas. Os alcaldes dos concellos das Somozas, Moeche, San Sadurniño, Narón e Neda denunciaron neste mes de marzo que a situación de contaminación estase agravando no último ano trala entrada en funcionamento de dúas canteiras situadas no curso alto do río, nas Somozas, falando dunha “nova ameaza para a saúde” da canle fluvial, así como de posibles “verteduras industriais incontroladas”.

As canteiras ás que se culpa de realizar parte dos vertidos (propiedade da empresa Francisco Gómez e cía) opera cunha autorización da Xunta baseada nun informe de impacto ambiental que data de 1996, polo que os cinco concellos antes referidos reclaman que esas canteiras “cumpran a lexislación en vigor a día de hoxe”, e din que o vertido de febreiro súmase “a outros padecidos na zona a cada pouco desde tempo atrás, e que son unha ameaza gravísima para unha zona



de especial conservación incluída na Rede Natura 2000”. Os cinco concellos instan a Xunta e Augas de Galicia a “actuar de inmediato en materia de vixilancia e control da calidade das augas” e afirman que descoñecen se se detectaron sustancias contaminantes no río nos últimos anos ou se houbo algunha denuncia formal ou sanción por parte de Augas de Galicia.

Estamos, por tanto, diante dunha situación de contaminación grave, reiterada ao longo dos anos e que vai a máis no río máis importante que desemboca na ría de Ferrol. Dáse a circunstancia de que esa ría, pola súa banda, está afectada por un problema de descenso drástico da produción marisqueira nos últimos anos, que inicialmente foi atribuído pola Xunta ao parasito *perkinsus* pero un estudio feito polos concellos da ría demostrou que non era a causa real, a día de hoxe descoñecida e que ben podería ter relación coa contaminación do río Xuvia ou cos arredor de 30 puntos contaminantes de vertido detectados na ría o ano pasado por Augas de Galicia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno de Galicia a adoptar algunha medida para solucionar a situación de contaminación do río Xuvia?

2ª) Sabe o Goberno de Galicia de onde procedeu o vertido producido no río Xuvia no mes de febreiro?

3ª) Sabe o Goberno de Galicia cal foi a causa da morte de centos de troitas no mes de setembro de 2021?

4ª) Sancionou a Xunta a alguén por eses vertidos?

5ª) Cantos vertidos detectou o Goberno de Galicia no río Xuvia nos últimos 5 anos?

6ª) Abriu o Goberno de Galicia algún expediente sancionador por vertidos no río Xuvia nos últimos 5 anos?

7ª) Impuxo algunha sanción o Goberno de Galicia por vertidos no río Xuvia nos últimos 5 anos?

8ª) En caso afirmativo, por que importe ou importes?



9ª) Ten o Goberno de Galicia constancia de que a situación de contaminación do Xuvia, en combinación con outros vertidos na ría, estea afectando á produción marisqueira?

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 16/03/2022 18:26:42

Paloma Castro Rey na data 16/03/2022 18:26:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral , deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O colexio de Monte Baliño situado na localidade de Ferreira, concello de Pantón conta con 21 alumnos de infantil e 40 de primaria.

Por mor da COVID, as medidas de seguridade levaron a dividir as crianzas e aos rapaces no recreo, de modo que quedaron os máis maiores gozando dunha pista cuberta e as máis pequerrechas, as de infantil e 1º e 2º de primaria, van a un patio exterior que apenas reúne as condicións para que as crianzas xoguen con total seguridade.

Este patio componse dunha explanada de grava miúda cun cadrado de xogos variados sobre unha prancha de caucho que non conta con ningún tipo de cuberta, é dicir, as pequenas e pequenos xogan á intemperie. O feito de que estea sen teito impide o seu uso cando vai moito sol ou tamén cando chove.

Por outra banda, a parte que está en grava miúda parece inadecuada para xogos colectivos seguros entre as nenas e nenos como o fútbol ou outros.

A maiores do antedito, dáse a circunstancia de que a este colexio asisten criaturas con diversas discapacidades que non contan con unha zona de xogos accesible dende que están no colexio, o cal a estas altura debería ser impensable, máxime cando hai anos que son coñecedores destas necesidades tanto a dirección como o concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As barreiras arquitectónicas para rapaces con dificultades motoras poden ser da altura do tapiz de caucho que cubre o chan e que está sobreelevado con respecto ao resto do solo. Por outro lado a ausencia de columpios adaptados, ou de mecanismos nos que as nenas e nenos poidan compartir espazo privan a estes e a outro alumnado de socializar e de beneficiarse da experiencia do xogo, vital para a formación humana.

Hai polo tanto dúas vertentes dentro desta iniciativa, a primeira relativa á zona en xeral e ao seu acondicionamento para unha mellor confortabilidade para todo o alumnado. A segunda relativa á inclusión de elementos de xogo como os carruseis integrativos, ou columpios adaptados para compartir entre varias peques, como os columpios cesta.

Partimos da base de que a socialización é fundamental para un bo desenvolvemento persoal, máxime nesta época na que nos distanciamos socialmente por imperativo sanitario, por isto é de extrema importancia facilitala. Máis importante aínda, se cabe, é darlle a oportunidade as nenas e nenos que teñen diversos problemas de aprender e vivir coa maior das igualdades posibles que os conduzan á súa integración na sociedade no futuro.

Entendemos como urxente poñer xa os elementos que axuden á máis plena integración posible e melloren a vida das rapazas e rapaces con necesidades propias sen deixar de lado o acondicionamento subseguinte de toda a zona de xogo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai o goberno da Xunta resolver as eivas coas que conta a zona de xogo do CEIP Monte Baliño atendendo con urxencia as necesidades do alumnado con diversas capacidades?

. Teñen coñecemento na Consellería de Educación da situación da zona de xogo do CEIP de Pantón?

. Van abordar xa a modificación da zona de xogo relativa á incorporación de elementos de xogo inclusivos, como os xa mencionados antes de fin de curso?

. Van abordar a reforma da zona de xogos para facela accesible e segura antes do seguinte curso?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/03/2022 09:55:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2022 09:55:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe impulsar o goberno galego para reducir a dependencia de Galiza dos combustíbeis fósiles e fortalecer a súa resistencia diante de ciclos inflacionarios que alteren o mercado enerxético.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enerxía é un vector imprescindible do desenvolvemento económico e ademais é, ou debera ser, un ben básico ao que a cidadanía debe ter acceso polo seu carácter imprescindible para a vida diaria. Partindo disto, Galiza, como país especializado na produción de enerxía eléctrica, debera contar cunha posición estratéxica e vantaxosa diante dos retos da denominada transición enerxética. Porén, a realidade é que isto non está a ser así e que arrastra desde hai anos unha dobre crise: industrial, vinculada especialmente aos custos da enerxía e ao impacto nos sectores máis altamente consumidores, e social, polo aumento das dificultades da sociedade para sufragar os gastos enerxéticos.

Detrás das razóns desta situación están fundamentalmente o factor da perda de control público sobre o sector enerxético, acumulado en mans privadas e en cada vez máis fondos de especulación e a falta de decisión de Galiza á hora de posicionarse. Por unha banda, pola irresponsabilidade dun goberno do Partido Popular que non fixo os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deberes respecto da descarbonización e do deseño dunha previsión de necesidades enerxéticas. Por outra banda, por un marco político que furta soberanía e capacidade de decisión, como amosa que o desenvolvemento dalgunhas tecnoloxías, de forma directa ou a partir dunha determinada dimensión, dependen do goberno central.

Neste contexto Galiza sofre unha inflación sen precedentes, a máis alta e disparada nos últimos 30 anos, que afecta de forma específica aos custos enerxéticos e que encadea efectos noutros ámbitos. Así as cousas, por exemplo, a electricidade subiu no Estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado.

Entre as razóns da tendencia alcista agudizada no 2021 están, para alén da propia configuración do prezo da enerxía cun sistema de poxa obsoleto e que privilexia ás eléctricas por estar determinado pola tecnoloxía máis cara que se incorpora ao pool, os resultados da especulación cos dereitos de emisión de CO₂ e a suba do prezo do gas, condicionado pola inestabilidade xeopolítica. Esta última situación vive agora unha nova fase coa guerra de Ucraína e colócanos diante do principal motivo da Unión Europea para impulsar a transición enerxética: a súa dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e do propio gas, agravada nun contexto de crise de materiais que se prevé recorrente no futuro.

Neste contexto, Galiza non pode continuar sen unha planificación pública que aposte pola participación no sector enerxético e por impulsar un modelo galego que faga da enerxía un vector de xustiza social e desenvolvemento económico e que aposte por reducir a dependencia enerxética e favorecer a eficiencia apostando pola innovación. Para alén de medidas conxunturais e urxentes que axuden a paliar o medre disparado de prezos e as súas consecuencias nas familias e na industria é necesario impulsar medidas a medio e longo prazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten pensado o goberno galego impulsar cambios estruturais no modelo enerxético para que Galiza sexa máis resistente aos ciclos inflacionarios e á crise enerxética aproveitando o seu potencial?

. Por que renuncia o goberno galego a intervir no sector e asume que o lobby enerxético e outras administracións decidan o uso e destino dos recursos enerxéticos galegos?

. Como valora o goberno galego o impacto negativo para Galiza de afrontar a crise enerxética sen ter feito unha planificación adecuada da descarbonización? Vai asumir o seus erros?

. Vai deixar a Xunta de Galiza de perder oportunidades de apostar na innovación enerxética e no almacenamento mentres outros territorios impulsan proxectos neste ámbito?

. Vai impulsar un Mapa de ordenación das enerxías renovábeis, singularmente eólica e fotovoltaica, consensuando e planificando os obxectivos a acadar e a súa expansión no territorio?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 17/03/2022 10:31:21

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2022 10:31:25

María do Carme González Iglesias na data 17/03/2022 10:31:33

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2022 10:31:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A posta en marcha do Plan de Transporte de Viaxeiros por Estrada establecido pola Xunta de Galiza ía supoñer a mellora do transporte público por estrada e contaba cun investimento da Xunta de 9,3 millóns de euros ao ano.

Nunha visita realizada a Ribeira para seguir coa política de propaganda do Partido Popular, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade incidía, sen ruborizarse, en que “completa a modernización do transporte público por parte do Goberno galego, cun incremento do 40% do número de rutas e do 70% as paradas”. E referíndose á comarca da Barbanza, asegurou que “esa completa modernización do transporte público da Xunta permitiu dotar aos veciños de mellores conexións cara a Santiago, pero tamén dunha mellor coordinación dos servizos entre os concellos da comarca da Barbanza e mellores conexións ...”. Ante estas aseveracións, fica patente que os membros do Partido Popular non son usuarios do transporte público porque do contrario saberían que esas declaracións non son reais.

O transporte público é un servizo esencial para garantir que as persoas poidan desprazarse no territorio, poidan acudir ao traballo ou mesmo ao médico, pero tamén





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debe ser unha prioridade coa que contribuír a reducir o uso do vehículo privado e reducir a contaminación atmosférica.

Na Barbanza, lonxe de termos un transporte público de calidade, a situación está sendo moi problemática desde que comezou a funcionar a nova concesionaria. A liña XG-847 correspondente coa comarca da Barbanza, púxose en marcha de maneira atropelada e descoordinada provocando un caos no comezo da nova empresa que presta os servizos de transporte público na devandita bisbarra. Os problemas lonxe de ir solucionándose estanse a incrementar de maneira alarmante sen que os responsábeis da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade fagan nada por remedialo.

Nesta concesión, os usuarios e usuarias do transporte público encontráronse co servizo totalmente cambiado por mor das novas condicións e horarios. Se antes o servizo era urbano, agora temos un servizo compartido polo que, nas horas escolares, os nenos e nenas que se dirixen aos centros escolares ou para a casa de volta, poden ir con outras persoas usuarias no mesmo autobús. Isto non sería un problema se os autocares non se ocupasen na súa totalidade provocando, na práctica, que as persoas que desexan coller o autobús non poidan facelo. En non poucas ocasións, as persoas usuarias deben agardar ao seguinte autobús porque o que pasa vai con todas as súas prazas cubertas e non pode levar máis xente.

Ademais, hai persoas que acoden a centros educativos para realizar formación en horario de tarde-noite que non poden regresar ás súas vivendas en autobús porque cando remata a xornada lectiva xa non hai frecuencias. Un exemplo disto é o que acontece no IES Nº1 de Ribeira, que non dispón de ningún transporte público cara á Pobra, ao rematar o horario das aulas, obrigando a que o alumnado teña que ser recollido polas súas familias ou a pagar un transporte privado. Caso semellante acontece tamén co alumnado de Boiro que cursa ciclos formativos no IES de Rianxo, que non ten





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autobuses que cadren co horario de entrada e saída das aulas. Desde o BNG instamos a que se revise esta situación.

Por outra banda, tanto as persoas usuarias como o propio persoal da empresa de transporte téñennos trasladado que os autobuses se retrasan considerabelmente ou mesmo non chegan a pasar nos horarios indicados por Monbus porque o tempo estipulado para facer o servizo é totalmente insuficiente.

O exemplo máis ilustrativo de que os tempos estipulados para realizar os servizos son insuficientes é o do traxecto Ribeira-Noia que, segundo o horario establecido por Monbus faise en 45 minutos, reducindo en 15 minutos o tempo no que se facía coa empresa anterior. Un tempo, por certo, autorizado pola Xunta de Galiza, que ignora que 45 minutos é practicamente o que leva facer ese percorrido en coche particular e sen paradas.

As horas punta son outro dos problemas. Nas horas centrais do día, dado o maior volume de vehículos que hai na estrada, os autobuses non son capaces de facer o traxecto no tempo que marca a empresa polo que os retrasos son continuados e considerábeis provocando prexuizos ás persoas usuarias constantemente

Mención aparte merece a conexión de calquera dos concellos da comarca con Santiago de Compostela: Falta de puntualidade, poucos servizos en xeral e escasísimos servizos directos son as súas características.

Existe unha diferenza e unha discriminación inexplicable entre os autobuses que chegan a Santiago, dende Ribeira ou os que chegan dende Noia. No caso dos de Ribeira, teñen como destino a nova estación intermodal e no caso dos de Noia poden apearse nas Fontiñas ou, por exemplo, en San Caetano. Isto provoca que as persoas procedentes desta bisbarra vense en moitos casos obrigadas a tomar a maiores un autobús urbano





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para dirixirse a zonas de Santiago distantes da estación intermodal, o que implica maior gasto pero, sobre todo, moitas dificultades para cumprir os seus horarios laborais. Tanto é así que moitos residentes no concello de Boiro, achéganse a Noia para viaxar dende alí a Santiago e poder apearse noutras paradas distintas á da estación intermodal que sería a onde irían se tomasen o autobús Ribeira-Santiago.

Hai un importante número de persoas que traballan en Santiago e viven na comarca da Barbanza e que rematan a súa xornada laboral ás 15:00 horas. Neste caso, vense obrigadas a tomar un autobús urbano ata a estación intermodal onde o autobús que viaxa cara a Ribeira sae ás 15.20 horas. É practicamente imposíbel collelo e, polo tanto, é obrigado ter que agardar polo seguinte.

Os sábados non existen autobuses directos Ribeira-Santiago, cando si os había coa anterior concesionaria. A viaxe non directa dura case dúas horas, de maneira que o autobús que sae de Ribeira ás 8:00 da mañá chega a Santiago ás 10:00 horas, con retraso pois para calquera traballo que comece ás 9:00 horas.

En definitiva, os horarios do transporte público non se adaptan ás necesidades das persoas que teñen un horario laboral que cumprir e, ademais, son impuntuais e tamén caros.

Os bonos que pon a disposición a empresa para o traxecto Ribeira-Santiago para as persoas que traballan, son mensuais, e aínda así son talonarios de 50. É dicir, que todos os que sobran non poden utilizalos no mes seguinte, despois de pagar 150 euros (bonificación incluída) para mercalos. A bonificación é dun 50%, tamén incomprensiblemente menor que noutros percorridos (A Coruña-Santiago, Ourense-Santiago, Noia-Santiago ...), onde ascende ao 75% e si poden utilizar os que sobran do mes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, se nos fixamos na situación laboral do cadro de traballadores e traballadoras da empresa concesionaria, Monbus, comprobamos que é completamente precaria por diversos motivos dos que mencionaremos algúns a continuación: Non se cobren as baixas nin as vacacións dos condutores e condutoras polo que este traballo teñen que realizalo outros compañeiros e compañeiras en activo facendo máis horas das que lle corresponden, decréitanse xornadas de traballo partidas sen motivos aparentes ou nin se lles deixa tempo durante o tempo de traballo para ir ao baño.

Mención especial merece a Tarxeta Xente Nova posta en marcha pola Xunta de Galiza para, supostamente, poder viaxar gratis. Lamentamos que no canto de ofrecerlle á xente moza e ás persoas maiores as viaxes de maneira gratuíta, haxa que realizar o pagamento por adiantado e volver ao mes seguinte a un caixeiro para recuperar os cartos das viaxes realizadas. Este sistema dificulta a recuperación dos cartos e por riba fomenta a colaboración cunha entidade bancaria que cada vez conta con menos persoal e con menos oficinas de atención ao público.

Ademais de todos os problemas e fallos que acabamos de describir, as persoas usuarias do transporte público quéixanse da falta de información xeneralizada que existe pois non se editou nin un só folleto que recollese as rutas e paradas, moitas marquesiñas carecen de horarios e a empresa concesionaria do transporte público carece de persoal de atención ao público nas localidades.

Por último, debemos falar da accesibilidade dos autocares que non sempre garanten o dereito ao acceso a persoas que presentan problemas de mobilidade como as persoas maiores, persoas que presentan algún grao de discapacidade física ou mesmo a calquera persoa cun carro de crianza ou de compra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do funcionamento do Plan de Transporte de Viaxeiros por Estrada dende a súa implantación?

. Que valoración fai a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do desenvolvemento dese Plan dentro da comarca da Barbanza e na súa conexión con Noia e con Santiago de Compostela?

. Ten coñecemento das queixas e dos problemas que as persoas usuarias veñen padecendo dende que a nova concesionaria, Monbus, ven realizando o servizo? De ser así, que actuacións levou ou vai levar a cabo para lle dar solución?

. Considera que a información que teñen as persoas usuarias por parte da empresa e relativa aos horarios e traxectos é a correcta? É coñecedora de que a oficina de información da empresa nunca ten persoal de atención?

. Considera que os tempos estipulados pola empresa para realizar os servizos, e consentidos pola Xunta de Galiza, son os acaídos? Por que motivo se reduciron tempos en itinerarios onde antes eran maiores? Supervisou a Xunta de Galiza se eses tempos propostos se corresponden cos itinerarios a realizar?

. Por que razón os autobuses de Ribeira-Santiago só poden parar na estación intermodal, a diferenza dos que proceden doutros destinos?

. Por que razón non hai autobuses directos Ribeira-Santiago os sábados cando si existían anteriormente á concesionaria actual?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que razón o sistema de bonificación e a súa contía é diferente e discriminatoria no caso das persoas usuarias de autobuses Ribeira-Santiago?

. Considera que o sistema co que funciona a Tarxeta Xente Nova é o acaído? De non ser así, vai levar a cabo os cambios oportunos no mesmo?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/03/2022 12:12:21

Paulo Ríos Santomé na data 17/03/2022 12:12:24

Rosana Pérez Fernández na data 17/03/2022 12:12:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a responsabilidade directa da Consellaría de Medio Rural no enquistamento da crise de goberno do C.R.D.O. Ribeira Sacra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de outubro de 2021 o Grupo Oarlamentar do Bloque Nacionalista Galego realizou unha serie de preguntas na Comisión 7ª do Parlamento de Galiza ao director xeral da AGACAL en relación coa crise aberta no pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra despois de que o seu presidente se negase a debater en Pleno a moción de censura presentada por 7 dos vogais con dereito a voto nese órgano (e polo tanto maioría).

Levabamos naquel momento medio ano de crise aberta no devandito Consello Regulador, con declaracións cruzadas dos bandos enfrontados en medios de comunicación e sen que a Consellaría do Medio Rural tivese tomado ningunha medida efectiva para desatascar a situación e garantir o debate da moción de censura en pleno tal e como marca a lei.

Pasaron desde entón 5 meses máis e agora atopámonos con que, cando xa se cumpriu un ano da presentación daquela moción de censura, a situación lonxe de arranxarse está máis enrarecida que nunca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos 12 meses transcorridos desde o rexistro daquela moción a Consellaría do Medio Rural pouco ou nada ten feito máis aló de dar evasivas por resposta tanto aos asinantes do documento como á propia Valedoría do Pobo á que os vogais tiveron que acudir tras o abandono de funcións da Xunta de Galiza.

Esta inaudita situación denota, primeiro de nada, unha clara toma de partido por parte da Consellaría do Medio Rural e dos seus dous máximos responsábeis nesta cuestión: o director xeral de AGACAL, o señor Jose Luis Cabarcos Corral; e o propio conselleiro de Medio Rural, o señor José González. Toma de partido a favor do presidente actual e do incumprimento da lei.

Ante o que consideran un “atropello dos seus dereitos”, os asinantes da moción de censura téñense posto en contacto cos distintos grupos parlamentares para reclamar “amparo democrático ante a vulneración da democracia e para que se faga cumprir a lei xa que a Consellaría non ten ningunha intención de facelo”.

O comunicado emitido e remitido polos vogais contrarios á xestión do actual presidente da D.O. fai un relatorio de todos os acontecementos que teñen acontecido neste ano xa de bloqueo do organismo.

- Falan da inacción da Consellaría; de como tiveron que acudir á Valedora do Pobo que admite a trámite á queixe e require á Consellaría do Medio Rural para que lle facilite información sobre a problemática e as medidas adoptadas ou previstas no ámbito das súas consecuencias.

- Dan conta tamén da análise da situación e a conclusión por parte da Valedoría do Pobo, que resolve “que con urxencia se avalíe a aplicación das consecuencias xurídicas previstas na lei 2/2005 de 18 de febreiro de Promoción e Defensa da Calidade Alimentaria Galega, para os incumprimentos dun órgano de goberno do Consello





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Regulador, neste caso o presidente, das obrigas que lle incumbían, despois de que apercibimento da Consellaría non fora atendido”

- Destacan que a Valedoría tamén obriga a que “no prazo dun mes a Consellaría dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén de ser o caso”.

- Fan, tamén, unha análise da situación actual despois de que a Valedora do Pobo tivese que requirir novamente contestación da consellaría despois de que esta deixase transcorrer o mes preceptivo sen remitir a súa contestación.

- Tras ese novo requirimento a Consellaría por fin contesta para afirmar que con data 27/07/2021 o Consello Regulador entrou en período de funcións e que polo tanto xa non ha lugar debater a moción de censura.

Máis aló de que esa contestación dada por escrito dista moito da resposta dada polo director xeral en sede parlamentar resulta a todas luces evidentes que a Consellaría fixo unha dilatación consciente dos tempos para xustificar a súa toma de posición na cuestión a favor do presidente hoxe en funcións.

Seguindo o devir dos acontecementos resulta a todas luces lamentábel a actuación dunha Xunta de Galiza que está a avalar durante máis dun ano o funcionamento non democrático dun Consello Regulador do que é directamente responsábel.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cumpriu a Consellaría do Medio Rural o seu papel de garante da legalidade na crise aberta vai máis dun ano no CRDO Ribeira Sacra tras a presentación dunha moción de censura por parte de 7 vogais?
- Que responsabilidades van asumir polo enquistamento do conflito e deterioro da imaxe pública da DO Ribeira Sacra debido á inacción da Administración?
- Vai ter algunha consecuencia o secuestro democrático do CRDO Ribeira Sacra durante máis dun ano?
- Estiman que un proceso electoral vai solucionar a situación de bloqueo de máis dun ano?
- Que día se van celebrar as eleccións aos Consellos Reguladores?
- Van acometer unha reforma da lexislación para garantir que unha situación similar non poida acontecer?
- Que análise fan do papel que este conflito segue a cumprir no mal funcionamento e no deterioro da imaxe da DO Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/03/2022 12:50:27

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2022 12:50:31

María González Albert na data 17/03/2022 12:50:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a suba disparada de prezos no sector dos hidrocarburos e ás medidas urxentes que deben tomar os gobernos galego e central para mitigar o seu efecto na sociedade e na economía do noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O primeiro trimestre de 2022 está a ser marcado por unha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína, xa se viña producindo durante o 2021.

Esta suba está a ser xeneralizada mais é especialmente intensa en ámbitos como o enerxético. Un dos campos que máis está a incrementar é o dos hidrocarburos, cun efecto demoledor na sociedade e no conxunto da economía galega por varios factores. Hai que ter en conta o impacto desta crise na realidade específica da Galiza e da súa estrutura económica, na que salienta o peso do sector pesqueiro (nun amplo sentido: extractivo, conserva, transformación) e agro-gandeiro, a dependencia comercial por vía marítima e estrada, as carencias en transporte público, a dispersión poboacional, etc.

A comezos de marzo de 2022 o barril de Brent (o de referencia en Europa) cotiza un 69,61% máis caro que hai un ano. Á espera dos datos de media do mes de marzo, no momento de rexistrar esta iniciativa sabemos que o diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado e os xornais abren as súas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novas sinalando como os surtidores mesmo superan os dous euros por litro ao longo do país.

Todo iso fai que o impacto sexa drástico e que polo tanto os gobernos deban habilitar medidas de urxencia, algunhas delas con carácter transitorio e vinculado ao empeoramento da situación. Así mesmo, continúa a ser unha tarefa pendente o cambio de modelo produtivo e de mobilidade para reducir a dependencia dos combustíbeis fósiles e avanzar na sostibilidade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que actuacións vai impulsar o goberno galego para mitigar o impacto en Galiza da suba disparada do prezo dos hidrocarburos?
- . Cales no ámbito das súas competencias?
- . Ten estimado o custo económico?
- . Cales demanda ao goberno central?
- . Que medidas fiscais e impositivas valora?
- . E doutros ámbitos como o apoio ao sector primario, o impulso do transporte público ou a mobilidade?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 17/03/2022 13:43:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2022 13:43:38

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2022 13:43:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao impulso dunha batería de medidas xustas e urxentes no ámbito para combater as consecuencias da suba disparada dos prezos na economía e na sociedade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8%, a máis alta das tres últimas décadas. Supera de novo á dos meses anteriores e, outro mes máis, tamén á rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto significa, traído á realidade da sociedade, que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. O empobrecemento da sociedade por mor da suba disparada da inflación é un problema político e social de primeira orde.

Este medre disparado da inflación observámolo de forma xeneralizada en todo tipo de produtos. Con todo, algúns fano de forma drástica e afectan, indirectamente, no prezo doutros bens e servizos. Entre outros datos, podemos sinalar os seguintes:

- A electricidade subiu no Estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado.
- O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A comezos de marzo de 2022 o barril de Brent (o de referencia en Europa) cotiza un 69,61% máis caro que hai un ano.
- A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara).
- As explotacións gandeiras están a sufrir uns incrementos na factura eléctrica dun 50% e dun 20%, con previsión de empeoramento pola crise bélica, dos cereais.
- Os alugueiros incrementaron arredor dun 7% desde o ano 2015
- Segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos

Esta escalada xeneralizada de prezos fai que, ao longo das tres últimas décadas, nunca fose tan caro vivir como hoxe e que as repercusións sexan absolutamente brutais en termos económicos e sociais. Cabe recordar que isto acontece no marco dunha crise de materiais que afecta profundamente a industria da construción ou automobilística e que acontece tamén nun momento onde a desigualdade da sociedade ten unhas dimensións que levan a que máis dun cuarto da poboación galega estivese xa en risco de exclusión social cos datos de 2020 da Rede Galega contra a pobreza.

Por estes motivos, é necesario que os gobernos galegos e central impulsen todo tipo de políticas públicas para dar resposta a un contexto no que ademais dos efectos da pandemia, os problemas estruturais da nosa economía, agravados durante os gobernos de Feijóo, condicionan a nosa capacidade de resiliencia e adaptación ao novo contexto.

Neste sentido, é necesario recordar que as políticas da Unión europea veñen abordando a inflación como un fenómeno fundamentalmente monetario, en consecuencia a política monetaria do BCE foi o eixo central para controlala. Porén, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

experiencia mostra que as medidas monetarias non sempre son as máis acaídas, podendo ter ademais un impacto negativo sobre a actividade económica e o emprego. Galiza nunca tivo competencias nesta materia e o Estado español, desde a entrada no euro, tampouco.

Porén, alén da política monetaria existen diferentes políticas, basicamente de carácter fiscal, que contribuirían a mitigar os efectos da inflación sobre a economía da poboación máis vulnerábel. É inadmisíbel que con este contexto económico a Xunta de Galiza manteña unha política fiscal que privilexia as grandes rendas sobre a clase traballadora e os sectores máis vulnerábeis.

É necesario polo tanto enfrontar unha profunda reforma impositiva e fiscal para dotar o seu marco dunha progresividade real e xustiza social. Complementariamente, as medidas urxentes terían que se acompañar de mudanzas a medio e longo prazo para impulsar cambios estruturais que fagan que Galiza sexa menos vulnerábel á volatilidade dos prezos a nivel mundial.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que medidas fiscais e impositivas vai tomar o goberno galego para que o marco galego sexa realmente redistributivo e mitigar os efectos da inflación disparada na sociedade galega?

. Como vai a Xunta evitar que a falta de progresividade das existentes implique maior empobrecemento dos colectivos máis vulnerábeis e perda de recursos económicos para reinvestilos en política social e económica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantos millóns de euros ao ano perde Galiza a través das bonificacións existentes?

. Considera o goberno galego que foi un erro rebaxar o IRPF con máis intensidade ás rendas máis altas? Vai rectificar?

. Considera o goberno galego que foi un erro rebaxar a progresividade do Imposto de Sucesións e Doazóns?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 17/03/2022 16:06:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2022 16:06:15

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2022 16:06:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións que debe impulsar o goberno galego para dotar á industria galega de prezos eléctricos competitivos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise industrial na Galiza non é de agora. De feito o informe da USC “A economía galega. Informe 2019/2020” destaca que a produción industrial en 2019, que foi inferior á de 2018, distaba aínda moito de alcanzar a lograda na primeira década deste século, e cifran en 33.555 a perda de empregos no sector industrial nos últimos 14 anos.

O custo do subministro eléctrico está poñendo contra as cordas, en xeral a toda a sociedade, en particular á industria, e moi especialmente á electrointensiva, de especial importancia para a economía galega baixo por moitas e variadas razóns, entre as que destacan o número de empregos ou o feito de ser provedores esenciais, por súa vez, de outros sectores importantes da nosa economía, como a propia industria ou a construción.

Hoxe, sen ningún xénero de dúbidas, o funcionamento dos mercados internacionais tanto do gas como dos dereitos de emisión de CO2 está totalmente condicionado por especuladores, o que contribúe a elevar artificialmente o prezo da electricidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non é a única explicación da suba desorbitada dos prezos eléctricos. O chamado pool eléctrico, ou sistema de fixación de prezos, é a última e verdadeira causa desta suba, un sistema deseñado para obtención duns beneficios por parte das grandes empresas eléctricas absolutamente ilexítimos e desproporcionados, como proba o feito de que en numerosas ocasións desde que comezou a escalada alcista o prezo máis alto o marcara non o gas, senón a electricidade xerada polas centrais hidráulicas cando seguramente é unha das máis baratas, con prezos de produción estimados entre os 3 e os 7 euros/MW.

Entre as empresas electrointensivas máis directamente afectadas polos prezos eléctricos atópase a naronesa MEGASA, empresa siderúrxica fundada nos anos 50 do pasado século, convertida hoxe nun gran grupo industrial con factorías, ademais de en Narón, en Zaragoza, Valencia, Maia, e Seixal.

A dirección da factoría de Narón ven de acordar coa representación do persoal da fábrica unha modificación das vacacións e do calendario para paralizar a fundición durante o que resta de mes.

Unha medida que ven engadirse a outras, polo de agora sen impacto no emprego, que a empresa ven tomando desde hai meses, mais sempre na perspectiva de que os prezos da electricidade regresen a magnitudes razoábeis e competitivas en breve. De non ser así, a dirección da fábrica resérvase a posibilidade de impulsar calquera outro tipo de medidas produtivas e laborais.

Nin que dicir ten que nin Galiza, nin moito menos a comarca de Ferrol, pode permitirse seguir perdendo emprego, e nomeadamente emprego industrial.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que opina a Xunta de Galiza do feito de que especuladores internacionais podan estar poñendo en risco a actividade e o emprego industrial no noso país?
2. Que opina a Xunta de Galiza de que a electricidade xerada nas centrais hidráulicas poda estar marcando os prezos máximos en moitos momentos de estes últimos meses de escalada alcista?
3. Que opina a Xunta de Galiza de que a xeración eléctrica no noso territorio signifique unha serie de custes ambientais e sociais que non reportan beneficios para a nosa industria ou a nosa sociedade en xeral?
4. Que opina a Xunta de Galiza de que empresas eléctricas públicas de outros países gañen inxentes beneficios no noso país?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 17/03/2022 16:25:45

Daniel Pérez López na data 17/03/2022 16:25:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2022 16:25:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a realizar para o recoñecemento da labor d@s TCAEs.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do sistema sanitario @s Técnic@s en Coidados de Enfermería (TCAE) teñen un papel relevante, realizan actuacións moi diversas, desde coidados, alimentación, hixiene, colaboración con probas diagnósticas, apoio psicolóxico e emocional a doentes e familias... malia isto a súa labor está falta de recoñecemento tanto laboral coma social, queda moitas veces ensombrecido.

As súas funcións están reguladas polo Estatuto de Persoal Sanitario non Facultativo, unha norma totalmente obsoleta, de hai 49 anos, do franquismo, do ano 1973.

No ano 1986 recoñéceselle a categoría profesional, en 1995 establécese o título de Técnic@ en Coidados Auxiliares de Enfermería (TCAEs), cun currículo de ciclo formativo de grao medio. A partir de aí non se ten avanzado nin na regulación nin no seu recoñecemento.

Existe unha fenda moi importante entre o mapa de competencias profesionais que este colectivo desenvolve na súa actividade laboral, e o seu currículo e clasificación profesional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso o recoñecemento das funcións d@s Técnic@s en Coidados de Enfermería (TACEs), @s que se lle esixe unha titulación de perfil técnico que nin se recoñece, nin remunera.

Desde a creación da categoría de Técnicos de Formación profesional no SERGAS non se tiña abordado a creación de postos de xefatura ou coordinación até o ano 2003. Nese ano, no ámbito da mesa sectorial, pactouse un acordo sobre melloras retributivas e profesionais, que regula a creación destes postos. Neste acordo recóllese o mandato de crear determinados postos de coordinación de persoal Técnico Superior. Apesares de que estes postos de xefatura teñen amparo normativo para o seu desenvolvemento dentro da Función Pública Galega, a situación é que se segue pendente de que o SERGAS regule a Orde pola que se crean.

A Organización Mundial da Saúde leva xa advertindo dende o ano 2000 da necesidade de avanzar nunha axeitada distribución das tarefas entre profesionais sanitarios, unha cuestión que non tivo unha aplicación global no Estado español e que actualmente produce un déficit en relación ao recoñecemento e formación de determinadas titulacións como pode ser a das Técnicas e Técnicos en Coidados de Enfermería.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para o recoñecemento da labor profesional e salarial d@s TCAEs?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as xestións que ten feito para que se procesa á elaboración do currículo profesional d@s TCAEs, acorde coa actividade laboral que desempeñan, e lle outorgue a clasificación profesional que lles corresponde que é o nivel 3?

. Ten demandado que se aplique o artigo 76 do EBEP para este colectivo?

. Vai proceder á creación de postos de traballo de coordinación de TCAEs no Sergas, ao igual que existen no resto de categorías?

. Por que non os ten creado a pesares de existir un acordo asinado?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/03/2022 16:33:23

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2022 16:33:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 17/03/2022 16:33:41



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Dentro desta normativa o artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico sinalando que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión de biomásas das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2.

Nese marco, a Consellería de Medio Rural ofrece ás entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa contra incendios financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma e para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con Fondos Feader.

Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planifícanse a través dun único programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local, programa que é revisado polo Distrito Forestal o que pertenza o Concello.

As entidades locais a súa vez, comprométense a dispor de brigadas compostas de 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable ou coordinador do funcionamento das mesmas as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal que pertenza a entidade local.



Sendo gastos subvencionables nas accións de vixilancia e extinción, pola Xunta de Galicia, os custes salariais, os recoñecementos médicos e probas de esforzo previas a contratación, e os cursos de formación impartidos con anterioridade ao inicio dos traballos da brigada. Cursos que poderían ser impartidos polos centros de formación da Xunta de Galicia.

O grupo de expertos de apoio a Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais no documento elaborado en xullo do ano 2019 propuña reformular o modelo municipal de brigadas, co fin de que as mesmas se dedicaran principalmente a prevención, a presentación dun novo modelo de convenio con condicións máis atractivas e períodos de traballo mais longos. Reformulación que non se ten levado a cabo polo Goberno galego.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista tamén ten advertido á Consellería sobre a falla de dispoñibilidade de xefes de brigada, polo que en moitos casos os concellos non foron quen de constituílas e noutros que se constituíron quedaron inoperativas por baixas ocasionadas nesta categoría profesional. Esta é unha problemática que tampouco está a ser solucionada polo Goberno galego.

A maior abundancia os convenios de colaboración subscritos dende o ano 2016 o 2020 foron dotados polo Goberno galego, en concreto pola Consellería de Medio Rural, coa mesma contía económica tódolos anos, obviando a subida do SMI que se produciu dende o ano 2018 ata 2022, e provoca a imposibilidade de que a dotación orzamentaria cubra o custe das nóminas e abono de cotas á Seguridade Social das persoas traballadoras contratadas. Facer constar ademais que a Consellería arrastra anualmente un retraso inxustificado na transferencia das cantidades conveniadas.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que o modelo que sigue a Consellería de Medio Rural non é axustado á realidade dos incendios, que necesita a creación dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado para facer fronte ás circunstancias que a consecuencia do abandono que sofre o rural galego así como as condicións meteorolóxicas que acompañan o cambio climático que estamos a sufrir.



Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pensa o Goberno galego reformular o modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios entre Xunta de Galicia e as entidades locais, conforme indicaba o grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais?
2. Que medidas pensa adoptar ante a falla de dispoñibilidade de xefes de brigada, polo que en moitos casos os concellos non foron quen de constituílas e noutros que se constituíron quedaron inoperativas por baixas ocasionadas nesta categoría profesional?
3. Pensa o Goberno galego aumentar a partida orzamentaria dedicada ao financiamento dos convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciados parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR de Galicia entre Xunta de Galicia e as entidades locais?
4. Estudou o Goberno galego a repercusión da reforma laboral e da Lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público en relación a estes convenios de colaboración?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/03/2022 16:49:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/03/2022 16:49:43

Martín Seco García na data 17/03/2022 16:49:53



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 28 de xaneiro de 2021, a Comisión 2ª do Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade un acordo que quedou recollido da seguinte forma:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta como administración principalmente responsable e máis ao Goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellería do Mar e a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadores e mariscadoras pactadas co propio sector, a comezar pola realización dun estudo integral que determine as causas da situación da ría e as posíbeis solucións.”

Ese acordo partiu da Proposición non de lei con número de rexistro 5668 formulada polo Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debía levar a cabo o Goberno galego en relación coa baixada da produción marisqueira na ría de Ferrol.

A iniciativa do PSdeG partía da consideración de que a situación do marisqueo na ría de Ferrol era xa naquel momento dramática, que se mantén na actualidade como demostran os datos máis recentes, que amosan unha caída drástica da produción marisqueira, pasando das 300 toneladas de ameixa babosa no 2014 a 25,6 toneladas en 2021. O descenso da produción é paralelo coa perda de emprego: onde chegaron a mariscar arredor de 600 persoas hoxe non chegan a 70 que non obteñen ingresos suficientes para se manter. A Xunta achacou primeiro os problemas da ría ao parasito *Perkinsus*, pero logo recoñeceu que non sabe cal é a causa da situación, a pesar do cal négase a facer un estudo integral para coñecer as causas do declive, tratando de derivar a responsabilidade ao Goberno central nun exercicio insólito de irresponsabilidade e escapismo por parte da administración que ten a competencia sobre o marisqueo e a acuicultura en Galicia.



Os datos de contaminación da ría do ano 2021 que desvelou Augas de Galicia ata o momento (non accesibles nin transparentes como ten por costume este organismo) amosan que nos 9 primeiros meses do ano detectáronse 28 puntos negros de vertido na ría de Ferrol, é dicir, 28 puntos de vertido que superaban os niveis permitidos de contaminación, sendo moitos máis os que non a superaban, o cal non implica que non aporten contaminación á ría, se ben de xeito máis difuso.

Por outra banda, o río Xuvia sofre cada vez máis episodios de contaminación de todo tipo. Descoñécese a relación que poida existir entre eses niveis de contaminación e o derrube da actividade marisqueira. O Goberno de Galicia non considera que exista un problema de contaminación na ría.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno de Galicia cumprir o acordo do Parlamento do 28 de xaneiro de 2021 para reverter o declive da produción marisqueira na ría de Ferrol?

2ª) Que medidas adoptou desde xaneiro de 2021 ata o presente o Goberno de Galicia diante do declive da situación marisqueira na ría de Ferrol?

3ª) Sabe o Goberno de Galicia a que se debe o drástico declive da produción marisqueira na ría de Ferrol?

4ª) Considera o Goberno galego que existe relación entre a contaminación da ría e o declive da produción marisqueira?

5ª) Cantos vertidos se detectaron na ría de Ferrol nos anos 2020 e 2021 por parte de Augas de Galicia?

6ª) Cantas sancións se impuxeron por vertidos na ría de Ferrol nos anos 2020 e 2021 por parte de Augas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/03/2022 11:12:31





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2022 17:10:59
Nº Rexistro: 32453
Data envío: 17/03/2022 17:10:59.273

Paloma Castro Rey na data 17/03/2022 11:12:45

Patricia Otero Rodríguez na data 17/03/2022 11:12:56

Julio Torrado Quintela na data 17/03/2022 11:13:09



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamento Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia vén prorrogando sen convocar concurso público contratos de servizos de todo tipo, desde mantemento de estradas ata subministracións enerxéticas, servizos postais ou xestión de todo tipo de vehículos e medios de transporte como helicópteros, barcos ou autobuses. As prórrogas son teoricamente legais, pero supoñen un obstáculo á libre competencia, segundo veñen advertindo o Consello de Contas ou a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC).

Recentemente, o contrato da inspección técnica de vehículos (ITV), que está en mans da mesma empresa desde o ano 1987 e finalizaba no 2023, foi prorrogado ata o ano 2027.

A finais de 2021 prorrogouse o servizo de operación dos dous helicópteros de salvamento marítimo da Xunta, que fora adxudicado en 2017 por 8,25 millóns de euros ao ano á empresa á que o Goberno galego vendera en 2012 os seus dous helicópteros mercados sete anos antes, cun prazo de execución de catro anos, prorrogable por outros dous e agora prorrogouse outros dous anos máis, ata novembro de 2023 e por 16,5 millóns de euros, malia que no seu momento o presidente Feijóo asegurara que en sucesivos concursos se poderían obter aparatos “máis modernos”. No seu momento, cando a Xunta se desfixo dos aparatos, o Consello de Contas xa advertira de que o Goberno galego tomara a decisión sen “ningún estudo sobre a repercusión da venda dos helicópteros” nas futuras contratacións do servizo cando a Administración xa non tivese a súa propiedade.

A Xunta tamén prorrogou durante anos á mesma empresa diversos contratos de helicópteros de loita contra os incendios, prórrogas censuradas polo Consello de Contas por entender que se producira unha incorrecta planificación do servizo por parte da Xunta.

As prórrogas non só se rexistran nos helicópteros, sexan de incendios ou de salvamento marítimo, senón que nese último sector, tamén se producen no departamento de Gardacostas de Galicia, dependente da Consellería do Mar. Así,



o servizo de operación dos catro barcos de salvamento marítimo de maior tamaño da Xunta vén sendo prorrogado sucesivamente sen un novo concurso público desde o que se outorgou en 2006 á empresa Remolcanosa.

Igualmente, tras moitos anos e nalgúns casos mesmo décadas de prórrogas dos contratos de transporte escolar con todo tipo de irregularidades certificadas polo Consello de Contas, en 2021 tamén foron prorrogados os contratos da metade das liñas de transporte escolar de Galicia, en concreto os que se prestan de xeito exclusivo a centros educativos e non integrados no transporte regular xeral. debido a que a Xunta viuse xudicialmente obrigada a reiniciar o concurso para renovalas porque cometera “erros non subsanables” nos primeiros pregos de condicións que validara a propia Consellería de Educación. Se no primeiro proceso a Xunta estimaba un gasto de 81 millóns de euros nos dous próximos anos, agora calcula que terá que gastar un 15 % máis, 93,4 millóns, porque entre outras cuestións faltábanlle 284 paradas, unha omisión que amosa un elevado nivel de incompetencia.

Respecto doutros contratos de transporte escolar, que están en fase de renovación, o Consello de Contas dixo no seu momento que se outorgaran incumprindo os sucesivos gobernos galegos “os principios esenciais da contratación administrativa (publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación)” e que posteriormente “a utilización do mecanismo da prórroga permitiu estender a duración dos contratos [...] sen que se promovera concorrência no sector”.

As prórrogas contractuais, aínda que sexan legais, deben ser segundo o noso ordenamento xurídico un mecanismo excepcional, que hai que xustificar cumpridamente, cousa que non fai a Xunta, que o emprega como mecanismo habitual excluindo o xogo da libre competencia na contratación pública en gran parte dos contratos do sector público autonómico de Galicia e beneficiando sistematicamente a determinadas empresas que fan negocio co público creando monopolios *de facto* que son contrarios á lei e ao interese público.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno de Galicia deixar de usar habitualmente a práctica de prorrogar con carácter reiterado os contratos públicos para evitar o prexuízo á competencia e ao interese público que tal práctica supón?



2ª) Por que non atende o Goberno de Galicia as recomendacións do Consello de Contas e da CNMC en materia de contratación pública?

3ª) Considera o Goberno de Galicia que a práctica de prorrogar reiteradamente contratos públicos é axustada á letra e ao espírito da normativa en materia de contratación pública?

4ª) Considera o Goberno de Galicia que a práctica de prorrogar reiteradamente contratos públicos é contraria ao interese da cidadanía?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/03/2022 12:20:12

Paloma Castro Rey na data 17/03/2022 12:20:28



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A finais de outubro de 2021, tras entrar en concurso de acredores, o Goberno uruguaio decidiu a intervención do sanatorio Casa de Galicia de Montevideo, fundado pola colectividade galega de Uruguai no ano 1917, e que durante décadas foi unha institución sanitaria de referencia no país. A situación de concurso e intervención ten por causa as débedas acumuladas pola empresa, que aínda daba servizo a milleiros de pacientes, sumando máis de 43.000 persoas socias e arredor de 2.500 traballadores e traballadoras.

A intervención pública, que buscaba investigar a situación da entidade mutualista e manter a súa actividade, foi anulada o pasado 18 de novembro por decisión xudicial. Un mes máis tarde, o 23 de decembro, o mesmo xuíz decidiu o peche definitivo da entidade, nunha acción criticada polo Goberno uruguaio, a oposición e os socios e traballadores, que reclaman a continuidade do sanatorio.

Se chega a confirmarse, o peche sumaríase a unha serie de outras crises ou vendas dalgunhas das máis importantes institucións e entidades creadas pola colectividade galega en América, de gran importancia económica e social. Como caso máis destacado hai dous anos e medio o Centro Galego de Bos Aires perdeu a súa sede.

En outubro de 2021 o presidente da Xunta dicía ter confianza nunha resolución favorable desta crise, afirmando que a intervención do goberno uruguaio sería temporal e breve, e afirmando que “Casa de Galicia ten que seguir sendo Casa de Galicia” e ser “conscientes da importancia que ten este centro para a colectividade galega”, cualificando o hospital como “un dos mellores de Uruguay”.

Segundo o xuíz “a situación económico-financeira da Casa de Galicia é de extrema gravidade e arrástrase dende hai 18 anos”. A entidade presentaba o pasado mes de decembro un saldo negativo de máis de 100 millóns de pesos uruguaio, uns dous millóns de euros.



Ademais do hospital, da institución forman parte o Instituto de Secundaria Manuel Curros Enríquez e a biblioteca Alfonso R. Castelao, así como un gran patrimonio pictórico e escultórico. Uruguai é o cuarto país do mundo por número de residentes galegos, con máis de 40.000.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Vai adoptar o Goberno galego algún tipo de medida para acadar a continuidade da Casa de Galicia de Montevideo?

2ª) É consciente o Goberno galego de que o peche desa institución pode ter un elevado impacto sanitario, social e cultural para a cuarta comunidade galega do mundo?

3ª) Deu algún tipo de apoio o Goberno galego a esa institución desde o ano 2009?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/03/2022 12:18:18

Paloma Castro Rey na data 17/03/2022 12:18:30



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os Montes Veciñais en Man Común son unha forma de copropiedade xermánica que contan cunha regulación específica que establece que son bens indivisibles, inalienable, imprescriptibles e inembargables dada a súa especial natureza colectiva, dándolle así un carácter de semipúblicos, inda que sempre respectando que son bens privados.

Destacar que teñen capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e defensa dos seus dereitos, así como sobre a súa administración e disposición.

Como xa debatemos na Comisión 7.^a, o Grupo Parlamentario Socialista, entende que convén desenvolver, nesta lexislatura, unha actualización da lexislación reguladora dos MVMC (Lei 13/1989) coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual dos mesmos.

Por outra banda a recomendación nº 46 do Ditame emitido polo Parlamento indica que a Administración galega debe proceder a creación dun Consello de Comunidades de Montes Veciñais para a representación das comunidades, a defensa dos seus intereses específicos e a interlocución coa Administración, cunha composición maioritaria de representantes elixidos polas comunidades de montes, garantindo unha distribución territorial equilibrada. Este consello configuraríase como un órgano consultivo e de asesoramento da Administración forestal e debería emitir informe en cuestións que as afecten directamente, entre outras:

- Modificacións normativas que afecten os montes veciñais en man común.
- Procedementos de clasificación.
- Declaracións do estado de grave abandono ou degradación.
- Na xestión cautelar destes montes por parte da Administración.
- No proceso de cancelación ou finalización dos convenios e consorcios de repoboamento, e na configuración dos contratos temporais de xestión pública.



Así mesmo a propia Consellería de Medio Rural ten anunciado que vai a proceder a actualización da lei de MVMC.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Vai o Goberno galego a proceder á creación do Consello de Comunidades de Montes Veciñais?
2. Por que si na medida 46 da revisión do Plan Forestal de Galicia cara a neutralidade carbónica, expón que o papel das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común na loita contra os incendios débese crear o Consello de Montes Veciñais, non se desenrola na revisión, como se reflicte no DOG do 25 de outubro do 2021?
3. Pensa constituílo con anterioridade a presentación da nova Lei de MVMV?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/03/2022 16:44:16

Martín Seco García na data 17/03/2022 16:44:24



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Son numerosas as queixas, ao longo de todo o territorio galego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada: atrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos.

A Xunta de Galicia nega esa realidade existente, que consiste en que moitísimos cidadáns todos os días non teñen un servizo público de transporte por estrada que se adecúe nin minimamente ás súas necesidades. Estamos a ver cada día en toda Galicia que este Plan de Transporte Público de Galicia non está a solucionar os problemas de mobilidade da cidadanía.

É preciso que a Xunta de Galicia revise as queixas que está a recibir a diario e que saiba dunha vez por todas que existe un problema, iso é o primeiro paso para poder solucionalo, xa que é difícil atopar unha solución cando os que teñen que resolvelo non recoñecen os problemas e as eivas coas que se atopan os usuarios e usuarias.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade debe asumir xa, dunha vez, que as cousas non están a funcionar como eles din. Isto é unha mostra da desconexión que ten esta consellaría con respecto ao malestar que existe na sociedade galega cun Plan de Transporte Público de Galicia por estrada, que ten demostrado a súa ineficiencia. Facéndose preciso, por iso, que se corrixa os pregos, que se corrixa a súa planificación errónea.

E non podemos pasar por alto, que a elaboración e deseño deste plan custou máis de 12 millóns de euros, que foi o que se lle pagou ás diferentes consultoras para deseñar este modelo, que debía de responder ás necesidades que ten a xente e non o está a facer.

E tampouco podemos pasar por alto que a Xunta de Galicia nin sequera está a facer os seus labores de inspección e control, de cara a que non se produzan incumprimentos nos contratos asinados entre as empresas adxudicatarias e a Xunta de Galicia nas liñas de servizo regular e transporte escolar.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª) Con todas as queixas que se seguen a producir ao longo de toda a nosa Comunidade Autónoma polo mal funcionamento do plan de transporte público por estrada en Galicia, segue a Xunta de Galicia a pensar que son casos illados como xa nos ten contestado a este grupo parlamentario?

2ª) Está a Xunta de Galicia a revisar as queixas que está a recibir por parte de usuarias e usuarios, colectivos e administracións locais sobre o funcionamento do transporte público por estrada en Galicia, de cara a analizar os problemas expresados e poder darlle unha solución que se adapte ás necesidades das persoas usuarias?

3ª) Por que a Xunta de Galicia abdica de exercer as súas labores de inspección, control e, no seu caso, de sanción, na execución dos contratos de servizo público de transporte por estrada?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que coa súa actuación garante que as adxudicacións dos servizos sirvan ao interese xeral e que actúa con imparcialidade nas fases de adxudicación e vixilancia na execución dos contratos públicos de transporte por estrada?

5ª) Non cre a Xunta de Galicia que é preciso corrixir os pregos de contratación, coa realización dos cambios precisos de maneira que se dea unha resposta axeitada e eficiente ás necesidades da cidadanía?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 17/03/2022 13:18:24

Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/03/2022 13:18:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa á ampliación do polígono industrial de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O polígono industrial de Carballo é un dos polígonos de Galiza con maior actividade e crecemento nos últimos anos, grazas, por un lado, ao imprescindible pulo empresarial e tamén á relevancia que está a adquirir o eixo industrial que constitúen, de facto, os polígonos de Carballo, A Laracha e Arteixo.

Un eixo que, de facerse efectiva, e seguir potenciándose, a conexión ferroviaria con Punta Langosteira, vaise converter nun futuro non moi lonxano nun dos ámbitos territoriais de maior dinamismo empresarial do noso país.

Ante estas perspectivas, e coas oportunidades certas que xerará este novo espazo económico, Carballo precisa contar con máis espazo industrial para seguir no viero do crecemento e da mellora da vida das veciñas e veciños.

Pola súa ubicación, o polígono de Carballo, e a pesar de estar pendente a execución da circunvalación de Carballo (que eliminaría o tráfico pesado de zonas moi sensíbeis do pobo e facilitaría a saída cara a Santiago e sur de Galiza) foi o lugar elixido por numerosas empresas nos últimos tempos para implantar a súa actividade, coa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importancia que isto tivo para a xeración de emprego e para a economía, non só do concello de Carballo, senón de toda a comarca de Bergantiños e de A Costa da Morte.

Esta é, sen dúbida, pola súa ubicación privilexiada e polo dinamismo do propio polígono industrial, unha zona atractiva para a implantación de empresas. O que se traduciu nunha venda constante de parcelas da zona nova que provoca que, neste momento, non exista practicamente solo susceptible de ocupar por novas empresas medianas ou de gran tamaño.

Na actualidade, a posibilidade de crecemento e, polo tanto, de seguir a crear sinerxias positivas dende o punto de vista da xeración de emprego e da economía, atópase co obstáculo de non haber solo industrial ofertábel.

Houbo que esperar sete anos para que o goberno galego licitase a redacción do proxecto de ampliación do polígono industrial de Bértoa, que debería estar executado en nove meses, aínda que, tal e como se prevé no prego, esa espera pode alongarse até os dezaioito. Unha vez se teña o proxecto, licitaranse as obras. Polo que é moi probable que o polígono industrial de Bértoa non teña solo dispoñible, para as empresas que se queiran alí asentar, ata ben entrado o ano 2024.

O grave problema que constitúe a escaseza de solo industrial podería minorarse co cambio de clasificación das parcelas F1 e F2 da segunda fase, que pasarían do uso comercial actual ao comercial/industrial, o que sen dúbida facilitaría a súa venda. Cambio de clasificación que xa debería terse feito efectivo, pero que a día de hoxe seguen esperando dende a xerencia do polígono.

Alén dese cambio comprometido pola Xunta de Galiza, a solución da falta de solo industrial só se acadaría coa tan demandada execución da terceira fase. Con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución da ampliación do polígono poríase nos 1,8 millóns de metros brutos. Pero dende a xerencia tamén apostan por ser líderes en calidade de infraestruturas e de servizos.

